







**Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria  
2004**

XUNTA DE GALICIA

**Edición:**

Seminario Permanente de Educación para a Igualdade  
Servizo Galego de Igualdade  
Xunta de Galicia

**Selección e elaboración de fichas:**

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, GÁLIX

**Catalogación:**

*Pedro Lucas Domínguez, Biblioteca Nova 33, Santiago (Obra Social Caixa Galicia)*  
*José Álvaro Álvarez, Biblioteca Nova 33, Santiago (Obra Social Caixa Galicia)*

**Redactoras:**

*M<sup>a</sup> Jesús Agra Pardiñas*  
*M<sup>a</sup> Eulalia Agrelo Costas*  
*M<sup>a</sup> Adelina Guisande Couñago*  
*María Teresa Leis Rey*  
*Isabel Mociño González*  
*Marta Neira Rodríguez*  
*Cristina Novoa Fernández*  
*Amparo Raviña Rosende*  
*Blanca-Ana Roig Rechou*  
*Pilar Sampedro Martínez*  
*M<sup>a</sup> Isabel Soto López*

Deseño do volume: MUSAMUS

Imprime: GRAFINOVA, S. A.  
ISBN: 84-453-3878-1  
ISSN: 1698-4498  
Dep. legal: C. 2.261/04

PVP: 4 €

## PRESENTACIÓN

A formación da personalidade das novas xeracións, para acadar unha sociedade na que exista igualdade entre o colectivo feminino e masculino, é unha gran responsabilidade social que require a implicación das familias e que, institucionalmente, asumimos de forma conxunta a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Conscientes da transcendencia que ten esa formación de cara ao futuro, e nese marco cooperativo, decidiuse sacar á luz a presente publicación. A idea de realizala xurdiu a partir do coñecemento da influencia que exercen as lecturas, en nenos e nenas, á hora de asumir criticamente comportamentos e actitudes que manterán ao longo da vida e que deben aprender nos seus primeiros anos.

Para a realización desta *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria 2004*, que recolle a produción do ano 2003, analizamos coa colaboración de Gáliz, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, as obras destinadas a este público e seleccionamos aquelas que axudan a construír unha sociedade igualitaria e non sexista.

Na escolma figuran obras que mostran personaxes femininas capaces de asumir roles e traballos desenvolvidos antes, exclusivamente, polos varóns; obras que visibilizan a muller como transmisora da cultura tradicional e obras que propician reflexións sobre o reparto das tarefas domésticas e do coidado doutras persoas, entre outros diversos criterios, co obxecto de que nenas e nenos, desde idades temperás, dispoñan de modelos para adoptar condutas responsables e solidarias neste campo.

Se a través dun divertimento como a lectura ampliamos o número de accións nas que se poden ver elas e eles realizándoas, estamos ampliándolles o número de opcións á hora de escoller actividades laborais ou de lecer e, ao mesmo tempo, estamos favorecendo o esforzo –que debe ser constante– por conseguir a igualdade, entre ambos sexos, en todos os ámbitos.

Agardamos que esta *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria 2004*, que inicia unha nova serie de periodicidade anual, sexa unha referencia obrigada entre todas as persoas e colectivos –familias, persoal formador, alumnado– que teñan interese en conseguir unha sociedade igualitaria e solidaria na que mulleres e homes teñamos as mesmas oportunidades.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación  
e Ordenación Universitaria

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude,  
Deporte e Voluntariado



## INTRODUCCIÓN


A EDUCACIÓN PARA IGUALDADE é un dos obxectivos da nosa sociedade que aínda está pendente de se conseguir na súa totalidade. Por iso, o Servizo Galego de Igualdade (SGI) e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) ofrecemos a docentes, profesionais de bibliotecas e ás familias, este dossier da mediación no que se acollen aquelas obras que no ano 2003 achegaron, aínda que tanxencialmente nalgunos casos, materiais de cara a acadar a igualdade seguindo algún dos criterios que a seguir expoñemos:

1. Atribucións de papeis ás nenas que non tiveron tradicionalmente nin na nosa sociedade nin noutras.
2. Manifestacións da especial sensibilidade das nenas como transmisoras e preservadoras da tradición.
3. Contribucións á prevención da violencia de xénero e á potenciación de actividades pacifistas.
4. Transmisión de feitos históricos nos que as mulleres reivindicaron roles e actividades que lles foron silenciados ou daqueloutros que non lles permitiron acceder en igualdade a postos sociais que estaban restrinxidos ao home.
5. Autoconfianza e adopción de posturas activas por parte das nenas.
6. Reflexión crítica da reprodución de roles tradicionais considerados hoxe como non exclusivos dun sexo determinado.

Tentamos así axudar nesta tarefa formativa para que desapareza totalmente do noso sistema educativo e da sociedade calquera tipo de desigualdade de xénero, e así conseguir unha cidadanía máis xusta. Só por medio da educación, unha vez atendidas as necesidades básicas que toda vida precisa e na que é fundamental a corresponsabilidade nas tarefas profesionais e domésticas de todos os membros da familia, poderemos evitar a violencia de xénero e lograr un reparto equitativo de funcións, e, en definitiva, unha sociedade máis harmónica.

Aínda que somos conscientes que dende o ano 1970 se xeneralizou a escola mixta e, polo tanto, a nenez e a mocidade reciben dende entón unha educación supostamente igual, seguen adoptándose comportamentos discriminatorios e actitudes diferentes en función do sexo. Isto pon de manifesto que o sistema educativo non é o único instrumento socializador, nin o máis eficaz; son a familia, os medios de comunicación e todo o contorno social -e tamén a escola en certa medida- os que reproducen e crean mensaxes e actitudes sexistas.






A produción total, autóctona e traducida, de Literatura Infantil e Xuvenil en galego, de todos os xéneros canónicos, produción que se analiza neste dossier, contou no ano 2003 con cento sesenta e oito volumes, cento seis de produción autóctona e sesenta e dous de produción traducida. Esta produción foi realizada por vinte e nove escritoras e trinta ilustradoras e por sesenta e catro escritores e corenta e nove ilustradores, se nos referimos ás obras individuais. En canto ás colectivas o número de mulleres que participou foi de seis e o número de homes de dezasete, sen computar as realizadas polo alumnado nos seus centros de ensino.

Como se pode constatar o número de homes que participan na produción é maior que o número de mulleres, aínda que parecía, e mesmo se chegou a manifestar, que a literatura infantil e xuvenil se asociaba máis cun labor realizado por mulleres.

Das cento sesenta e oito obras que se publicaron, setenta e nove foron protagonizadas ou coprotagonizadas por nenas, mulleres ou personaxes femininas animadas ou inanimadas.

No dossier ofrécese en primeiro lugar a ficha da obra, a súa portada, o lectorado ao que se dirixe, a descrición da historia que transmite o texto, facendo fincapé nos elementos que achega cara á igualdade, e un conxunto de suxestións didácticas que sirvan de orientación a quen ten como función a mediación. Este apartado vai encabezado por unhas temáticas clave que requiren que a persoa mediadora pense nelas e as prepare para logo acometer co lectorado que se quere atraer as actividades didácticas ou mesmo conversacionais que considere precisas. Nas suxestións didácticas propóñense prácticas que se aproximan o máis posíbel ao desenvolvemento psicolóxico do lectorado considerado primeiro destinatario da obra. Remátase con dous apartados máis que se corresponden cunhas breves biobibliografías das persoas creadoras dos textos e das ilustracións.

Achéganse para pechar o volume un conxunto de índices que comprenden a nómina das persoas que crearon e traduciron as obras escollidas, os títulos galegos e os traducidos, as coleccións, editoriais, idades e xéneros para facilitar as consultas.





**Título:** *O nacemento de Nunavut*


**Escritor:** Xoán Abeleira

**Ilustrador:** Jacobo Fernández Serrano

**Colección:** As aventuras de Nunavut ; 1

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 57



Este relato dá comezo a unha serie protagonizada por Nunavut, unha nena esquimó e como consta no título fai referencia ao seu nacemento. Esta nena está chamada a ser, co tempo, o orgullo do seu pobo e recibe o seu nome en honor da deusa Nuna, a Terra. Mais cando nace, a palabra nena ecoa como unha maldición na súa cabana, xa que calquera femia que naza na aldea ha de ser abandonada á súa sorte por mor da falta de alimentos que sofre este pobo. Os nenos varóns son abondo fortes para cazaren e para axudaren ás súas familias, mentres que as fillas son consideradas un estorbo. Descríbense os costumes deste pobo de esquimós, unha sociedade moi xerarquizada na que os homes son os encargados de cazar e pescar e as mulleres realizan outro tipo de tarefas máis relacionadas co ámbito doméstico. Ukapi, o pai, abandona a nena pero pouco despois arrepiñtese e volve a buscala. Coa axuda dun paxaro colimbo, consegue recuperala das mans duns trasnos que viven nas covas das montañas. Cando volve á aldea, toda a comunidade manifesta a súa oposición a manter a nena pero o paxaro, que resulta ser Ainuk, o menciñeiro da tribo, profetiza que Nunavut será un símbolo para o seu pobo. A partir daquela noite, a xente do poboado acorda abolir a súa lei e aceptar de novo a toda a descendencia, sexan femias ou varóns. Este relato está apoiado por unhas ilustracións que fan fincapé nos costumes e na tipoloxía dos personaxes, contextualizan o contorno e axudan máis a identificar o texto co contexto.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Estrutura da familia e da comunidade dos esquimós.
- Relación persoas-natureza.
- Contraste de sociedades.

1. Falar doutras sociedades que presenten un comportamento como o dos esquimós.
2. Opinar sobre o comportamento de Nunavut: argumentos a favor e en contra.
3. Realizar unha enquisa sobre o tipo de xogos mixtos nos que participan nenos e nenas.
4. Comparar as diferenzas e semellanzas entre a xerarquización e a forma de vestir dos esquimós e a nosa sociedade e a causa das diferenzas.
5. Descubrir qué significa *Nunavut* na linguaxe dos esquimós e que é *visoeiro* na nosa.
6. Buscar nalgún dicionario ou enciclopedia ou en Internet información sobre os esquimós ou inuit e comparar a súa forma de vida coa nosa.
7. Facer un debate sobre as consideracións que fan sobre Nunavut os nenos e as nenas da súa tribo.
8. Opinar sobre as distribucións das tarefas por sexos: onde quedan aínda, etc.

### O ESCRITOR

Xoán Abeleira (Venezuela, 1963) é fillo de emigrantes galegos e viviu en Venezuela ata os dez anos. En 1973 trasladouse a Madrid e a partir de 1999 fixou a súa residencia na Coruña. Estudou Filoloxía Hispánica na Universidade Complutense de Madrid e Dirección Escénica con William Layton e José Carlos Plaza. Despois de publicar dous libros en castelán, escribiu e publicou o seu primeiro poemario en galego, *Animais animais* (2002). Ten desenvolvido tamén un amplo labor como tradutor. En 2003 estreouse na literatura infantil e xuvenil galega con estas obras.

### O ILUSTRADOR

Jacobo Fernández Serrano (Pontevedra, 1971) estudou Belas Artes na Universidade Complutense de Madrid. Amante da literatura e da pintura, afeccionouse ao debuxo e á banda deseñada dende moi neno e gañou algúns premios de caricatura e pintura. O seu estilo caracterízase pola precisión realista e a liña clara. Participou na revista *Golfiño* coa serie “Os amigos de Archimboldo Roque”.

**Título:** *Un día de caza*


**Escritor:** Xoán Abeleira

**Ilustrador:** Jacobo Fernández Serrano

**Colección:** As aventuras de Nunavut ; 2

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 57



Este segundo relato protagonizado por Nunavut alude á acción desempeñada pola protagonista, que xa ten dez anos. Descríbense con máis detalle os costumes dos esquimós e achéganse datos sobre os diferentes roles que desempeñan os membros desta sociedade segundo o seu sexo. Así, os homes saen a cazar mentres as mulleres agardan o seu regreso almacenando comida, fabricando trebellos ou remendando roupa. Nunavut, en lugar de axudar á súa nai nas tarefas domésticas, comparte xogos cos rapaces (xoga á pelota, a levantar pedras ou a botar pulsos), arromba os útiles da caza e engancha os cans, o que provoca que a nai lle diga que se comporta como un neno. O resto dos nenos e nenas consideran que Nunavut é "rara". As cativas, cando están xuntas, considéranas "unha parva" e "un maroutallo", pero envéxana cando están soas. Os cativos en público chámanlle "crída" e "fachendosa", pero admíranas en segredo. Nunavut non quere ser un rapaz, pois parécelle uns auténticos babecos. Se xoga con eles non é porque queira imitalos senón porque desexa converterse nunha rapaza forte; sentirse útil para os seus e cazar son os seus verdadeiros sonhos. Para iso enfróntase a seus pais e transgrede a prohibición de cazar. Argalla un plano para conseguir o seu obxectivo. Introdúcese nunha partida de cazadores, observa cómo a aparición dun baleeiro dos homes brancos escorrenta e manca unha balea. Consegue salvala coa axuda dun paxaro e a cambio a balea axúdaa a cazar focas e peixe. Leva todo á aldea pero ten que ceder o mérito da caza a seu pai, para que ninguén saiba que foi ela quen cazou. As ilustracións neste caso fan máis fincapé nas descricións visuais dos animais.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Estrutura da familia e da comunidade da poboación esquimó.
- Relación persoas-natureza.
- Contraste de sociedades.

1. Falar doutras sociedades que presenten un comportamento como o da poboación esquimó.
2. Opinar sobre o comportamento de Nunavut: argumentos a favor e en contra.
3. Realizar unha enquisa sobre o tipo de xogos mixtos nos que participan nenos e nenas.
4. Comparar as diferenzas e semellanzas entre a xerarquización e a forma de vestir dos esquimós e a nosa sociedade e a causa das diferenzas.
5. Descubrir qué significa *Nunavut* na linguaxe do seu pobo e que é *visoeiro* na nosa.
6. Buscar nalgún diccionario ou enciclopedia ou en Internet información sobre os esquimós ou inuit e comparar a súa forma de vida coa nosa.
7. Facer un debate sobre as consideracións que fan sobre Nunavut os nenos e as nenas da súa tribo.
8. Opinar sobre as distribucións das tarefas por sexos: onde quedan aínda, etc.

### O ESCRITOR

Xoán Abeleira (Venezuela, 1963) é fillo de emigrantes galegos e viviu en Venezuela ata os dez anos. En 1973 trasladouse a Madrid e a partir de 1999 fixou a súa residencia na Coruña. Estudou Filoloxía Hispánica na Universidade Complutense de Madrid e Dirección Escénica con William Layton e José Carlos Plaza. Despois de publicar dous libros en castelán, escribiu e publicou o seu primeiro poemario en galego, *Animais animais* (2002). Ten desenvolvido tamén un amplo labor como tradutor. En 2003 estreouse na literatura infantil e xuvenil galega con estas obras.

### O ILUSTRADOR

Jacobo Fernández Serrano (Pontevedra, 1971) estudou Belas Artes na Universidade Complutense de Madrid. Amante da literatura e da pintura, afeccionouse ao debuxo e á banda deseñada dende moi neno e gañou algúns premios de caricatura e pintura. O seu estilo caracterízase pola precisión realista e a liña clara. Participou na revista *Golfiño* coa serie “Os amigos de Archimboldo Roque”.

**Título:** *A Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán*

**Escritora:** Marilar Aleixandre

**Ilustrador:** Lázaro Enríquez

**Colección:** Ala Delta. Serie verde ; 5

**Editorial:** Tambre

**Núm. pp.:** 204



Nesta novela á parte de se desenvolver a lenda da Vaca de Fisterra que a autora encontrou por primeira vez o 31 de decembro de 1999 en Touriñán, un día no que se dá a comunicación do mundo de arriba co de abaixo como rezan as lendas, e de relatar ónde está Duio e Milmontes, trátase a historia de Duio que comezou cando chegou Marfisa, interesada polos feitos do vello Merlín e polas receitas culinarias. A combinación de beleza e enxeño de Marfisa atraeu a Reinaldos, que apareceu polo pazo e intentou seducila, mais ela rexeitouno porque o consideraba un tanto feo, torpe e pouco intelixente. De feito, segundo se conta pouco despois, Marfisa acabou escapando cun príncipe indio do que se namorou, facendo caso dos seus propios desexos. Reinaldos marchou ofendido pero volveu con Carlomagno para sitiar Duio, xa que este cobizaba a trabe de ouro, soterrada baixo terra, descoñecendo que ía aparelada cunha trabe de alcatrán que pon en perigo o mundo. Cando a atopou, o reino quedou asolagado e Basilio púxoo a salvo cun encantamento no outro lado da terra, en Milmontes. Segue a historia co namoramento e aventuras de Miro e Morgana que conseguirán descifrar os fragmentos da memoria do Dragón de Duio e salvar o reino subterráneo de Milmontes e mesmo que recupere os sinais de identidade fronte aos que querían cubrir a cidade de cemento, desequilibrando o medio ambiente, e mentir. Morgana, a personaxe máis activa nesta recuperación, ademais de portadora do coñecemento antigo é a que anima a loitar para non perder a identidade e non deixar que a lacra da avaricia e da insolidariedade campe sen castigo. Miro queda fascinado pola beleza desta rapaza de quince anos, de cabelos e ollos azuis que desprende unha luz propia, algo común nas rapazas cando se converten en mulleres. Pero ademais admira á Morgana valente, intelixente e decidida, sabedora dos coñecementos que aprendeu da súa nai e avoa, que o axuda na busca do corgo de lume e lle fai ver que cando un deixa de ser mozo ten que escoller por si mesmo. Déixase constancia de que Morgana non se decidiu por Miro ata que o coñeceu máis, non lle valeu só o seu encanto. As ilustracións, moi expresionistas, empregando formas fragmentadas e a través do claroescuro, axudan á lectura textual e enfatizan a mitoloxía.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Lendas e seres míticos.
- Beleza e intelixencia.
- Preservación do medio ambiente.

1. Relatar outras lendas similares a estas nas que a protagonista sexa unha muller.
2. Facer unha relación e un debuxo de seres míticos femininos marcando as súas características.
3. Comentar as semellanzas e diferenzas entre Marfisa e Morgana.

### A ESCRITORA

Marilar Aleixandre, nome literario de María Pilar Jiménez Aleixandre (Madrid, 1947), é profesora do departamento de Didáctica das Ciencias Experimentais na Universidade de Santiago de Compostela. Escritora de recoñecido prestixio, ten acadado numerosos galardóns. Deuse a coñecer na literatura infantil e xuvenil no ano 1989 con *A formiga coxa*, á que seguiron *O rescate do peneireiro* (1990); *A expedición do Pacífico* (Premio Merlín 1994 e Premio da Crítica de Galicia 1995); *Nogard* (1994), *O trasno de Alqueidón* (Premio Rañolas 1996); *O monstro da chuvia* (1998 e 2003); *A banda sen futuro* (Premio Lazarillo, 1999); *O chápiro verde* (1999); *Lapadoiras, Sacaúntos e Cocón* (1999); *Paxaros de papel* (2001); *Basilisa, a princesa sapiño* (2002), ademais de obras narrativas e poéticas para adultos.

### O ILUSTRADOR

Lázaro Enríquez (A Habana, 1950) é ilustrador, calígrafo e deseñador gráfico. Graduouse na Escola Nacional de Arte e no Instituto Superior de Deseño Informal e Industrial e é licenciado en Xornalismo pola Universidade da Habana. Como ilustrador ten acadado numerosos galardóns, tanto en Cuba coma noutros países. Na literatura infantil e xuvenil galega iniciouse coa obra *Dez eran dez* (1996) e logo ilustrou outras como *Así viviu Ánxel Fole* (1997); *Cuca e o abrigo marrón* (1998); *O chápiro verde* (1999); *Lapadoiras, Sacaúntos e Cocón* (1999); *A noite das cabras do aire* (1999); *Contos de maxia II* (2000); *Velaí vai o verme* (2000); *Paxaros de papel* (2001), un dos premios do Concurso Coma (Unesco Tokio, 1998); *As raíces do tamarindo* (2001) ou *O porco centelludo* (2003).



**Título:** *Buguina namorada*


**Escritora:** An Alfaya

**Ilustradora:** Chus Ferrín

**Colección:** A letra dormente

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 103



Relato no que se parte da lenda de que o deus Poseidón mantén a illa do Esquecemento como niño de amor, protexida de calquera intruso coa axuda do tornado Augavento. Nunha praia desta illa aparece Buguina medio soterrada, unha cuncha que o que máis desexa é que alguén lle insufla vida. A chegada dun náufrago supón primeiro a esperanza de que a arrinque de alí e logo a decepción de ver que el non será o que a rescate de estar afundida na area, posto que comeza a sufrir unha metamorfose que o paraliza. A presenza dos dous seres vai propiciar que se dea unha transformación entre ambos: el vai mutando ata se converter nun ser case inerte e Buguina adquire as calidades que el perde. Así, emociónase, reflexiona, ama, sente a satisfacción de se ver libre da area, ten memoria e é consciente do cambio que se está dando entre ambos, á vez que o náufrago, chamado Nada, se vai convertendo nun ser case metálico, pois o único que conserva é o lateo do seu corazón. Este proceso leva a Buguina a namorarse de Nada e a emprender unha loita titánica por rescatalo do seu letargo e da area que o está engulindo, demostrando así que o son de Buguina e a súa loita pode romper o poder do Deus Poseidón, que non axuda á liberdade e non reconece o poder do xénero feminino que ata agora só relacionaba con amantes. Ela desexa compartir co outro non só un amor senón outras actividades, pero sen dominación. Entre ambos, serán quen de vencer ao deus Poseidón e verse libres da illa do Esquecemento. Este relato complementase con ilustracións estilizadas que transmiten o simbolismo que se reflite tamén no relato.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Do simbolismo á manifestación dos trazos femininos.
- Superación das características negativas da muller.
- Problemática da separación de parellas.
- Internet: riscos e beneficios.
- Autoconfianza e autoestima.

1. Localizar as referencias á mitoloxía clásica e expoñer a concepción que nelas se fai da muller.
2. ¿Que características se poden salientar de Buguina en relación con calquera muller?
3. Caracterizar graficamente a Buguina con ideas que se tomen do relato.

### A ESCRITORA

An Alfaya (Vigo, 1964) estudou na Escola de Formación do Profesorado na súa cidade natal e dende moi nova sentiuse atraída polo teatro, escribindo varias pezas. En 1989 conseguiu un accésit na Mostra de Teatro Infantil Xeración Nós con *Bua-bua-requetebua* (1999) e en 1991 gañou este mesmo certame con *O maquinista Antón* (1993). Ademais dedicouse tamén á interpretación e foi cofundadora da compañía Avento. En 1997 acadou o Premio Merlín con *¡Sireno, Sireno!* (1997), galardón no que tamén quedou finalista en 2002 con *A encantadora* (2003). En 1999 recibiu un accésit do Premio O Barco de Vapor por *Folerpas* (2000). Escribiu ademais as seguintes obras: *O caderno azul* (1996), *A recortada* (1999), *O baúl de Wensel* (2000), *Down* (2001) e *A estrela Volarina na torre Coralina* (2001).

### A ILUSTRADORA

Chus Ferrín (Vigo, 1968) estudou Belas Artes na Facultade de Pontevedra na especialidade de pintura. Ten exposto as súas obras en diversas entidades e recibiu o premio de escultura Cidade de Lugo. A súa primeira obra ilustrada para a literatura infantil foi *A encantadora* (2003), á que seguiu *Buguina namorada*, dous textos de An Alfaya.


**Título:** *O cero escuro*

**Escritora:** An Alfaya

**Colección:** Catavento ; 5

**Editorial:** Tambre

**Núm. pp.:** 197



O título da novela, que combina os conflitos da adolescencia, sobre todo das rapazas, con trazos das narracións policiais, é o alcume de Nadia, a protagonista, e define a súa imaxe ante os seus compañeiros e compañeiras. É a cifra á marxe coa que ninguén conta, unha situación que ela afianza coa súa timidez, a súa falta de espontaneidade, o seu distanciamento dos demais e as súas afeccións, diferentes ás do seu grupo, como a súa paixón pola filosofía e a escrita íntima dos seus pensamentos. A través da narración en primeira persoa, Nadia conta os seus problemas, deténdose tamén nos seus conflitos familiares que a conducen a pecharse en si mesma dende moi nena debido ao divorcio de seus pais, enleados en pelexas permanentes pola pensión alimenticia, a responsabilidade das fillas e dos fillos que recae sempre sobre a nai e a reconstrución das súas vidas tras o divorcio. Todo isto agrávase polo seu namoramento de Manel, un compañeiro que non lle fai caso porque prefere a Lola, o “estereotipo da tía corpo bombón”, como a mesma Nadia a define, e que se converte nun segredo que só comparte Aurora, a súa amiga dende a infancia. A participación de Nadia como guionista nun grupo de teatro consegue a súa integración e pouco a pouco a superación dos seus problemas. Á vez, todo o grupo se une para resolver a misteriosa desaparición de Aurora, unha rapaza fráxil no seu aspecto físico pero cunha grande afouteza interior, cun espírito emprendedor e optimista, desinhibida e moi expresiva, a quen lle fascina o teatro. Aurora abandona un ensaio cunha escusa e non volve aparecer. Os seus amigos descubren que contactou por Internet cun grupo que seduce a adolescentes con proxectos relacionados coa música, a moda ou o cine, garantindo o éxito inmediato, pero que en realidade é unha tapadeira para o tráfico de órganos. Finalmente, Nadia atrae a atención de Manel e deixa de lado a súa fama de “cero escuro”. A súa relación coa nai tamén cambia e aprende a vela como unha muller nova que ten dereito a se divertir e a reconstruír a súa vida.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Do simbolismo á manifestación dos trazos femininos.
- Superación das características negativas da muller.
- Problemática da separación de parellas.
- Internet: riscos e beneficios.
- Autoconfianza e autoestima.

1. A través da relación que existe entre Nadia e Aurora, ¿como se poden concibir as relacións de amizade?
2. Debater sobre os contactos que se realizan a través de Internet.
3. Definir a expresión “estereotipo de tía de corpo bombón” que emprega a protagonista e salientar os aspectos que valoran ao escoller parella.
4. A chegada da adolescencia, ¿trouxo consigo cambios en relación coa familia e cos teus compañeiros/as?
5. Separacións entre parellas. Discusión sobre as vantaxes e inconvenientes.

### A ESCRITORA

An Alfaya (Vigo, 1964) estudou na Escola de Formación do Profesorado na súa cidade natal e dende moi nova sentiuse atraída polo teatro, escribindo varias pezas. En 1989 conseguiu un accésit na Mostra de Teatro Infantil Xeración Nós con *Bua-bua-requetebua* (1999) e en 1991 gañou este mesmo certame con *O maquinista Antón* (1993). Ademais dedicouse tamén á interpretación e foi cofundadora da compañía Avento. En 1997 acadou o Premio Merlín con *¡Sireno, Sireno!* (1997), galardón no que tamén quedou finalista en 2002 con *A encantadora* (2003). En 1999 recibiu un accésit do Premio O Barco de Vapor por *Folerpas* (2000). Escribiu ademais as seguintes obras: *O caderno azul* (1996), *A recortada* (1999), *O baúl de Wensel* (2000), *Down* (2001) e *A estrela Volarina na torre Coralina* (2001).

**Título:** *Eu voguei por Mar de Chocolate*


**Escritor:** Xoán Babarro

**Ilustradora:** Laura Blanco

**Colección:** Montaña encantada. A partir de 8 anos

**Editorial:** Everest Galicia

**Núm. pp.:** 58



Despois de terse presentado ante o lectorado, Nicolás refírese ao novo integrante da súa familia, Rónald, un rapaz de Colombia que presume da cor escura da súa pel por terse bañado nas augas dun mar que non aparece nos mapas, o Mar de Chocolate. A Rónald acollérono en adopción os tíos de Nicolás, ante a imposibilidade de ser atendido polos seus proxenitores, que se dedican a viaxar nun barco deixando soños naqueles portos con praias que desprenden o recendo de almorzo de cacao con galletas. Grazas ao desexo que formula cando lle cae un dos seus dentes, Nicolás consegue embarcar nun navío que o conduce ás augas dese mar que tanto ansía coñecer e nesa travesía vai ser agasallado polas historias que lle relatan as persoas guiadoras da embarcación, que non son outras que a nai e o pai de Rónald. Así, tanto o capitán coma a capitá, que non só comparten o oficio de contadores senón tamén de condutores de navío, un traballo non adxudicado tradicionalmente á muller, contan un conxunto de relatos protagonizados por elementos naturais e marítimos: o ventiño pintor, o sol, o fume, a estrelia de mar ou o polbo fantasma. A súa nai espérrao pola mañá e, de novo, atópase no seu mundo diario, aínda que segue tendo o colgante co seu dente, que non é máis ca unha proba manifesta de que estivera cos pais de Rónald e que conseguira bañarse nese Mar de Chocolate. As ilustracións, en plastilina e sobre fondos de formas e cores suaves e veladas, axudan moito a situarse nas historias e mostrar os personaxes.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- A acollida de persoas doutras culturas.
- O mundo onírico na literatura infantil e xuvenil. Reaccións dos nenos e as nenas.
- A narrativa de transmisión oral. Características e temáticas.

1. Enumerar algúns dos desexos que se adoitan realizar cando caen os dentes e os que se converten en realidade.
2. Buscar información sobre a cultura colombiana para identificar semellanzas e diferenzas coa nosa.
3. Facer listaxes de traballos que hoxe realiza a muller e que antes non lle deixaban facer, e debater sobre estes cambios.

### O ESCRITOR

Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947) estudou Maxisterio en Ourense e posteriormente licenciouse en Filosofía e Letras. Dende 1982 é Catedrático de Ensino Medio de Lingua e Literatura Galegas e compaxina a docencia coa escrita. O Premio de contos “O Facho” en 1974 por *Zoca Zoqueira* e as colaboracións na revista *Vagalume* en 1975 marcaron a súa entrada na literatura infantil e xuvenil, feitos aos que se uniu o seu matrimonio con Ana M<sup>a</sup> Fernández (Palma de Mallorca, 1949), con quen asina textos que obtiveron varios recoñecementos: Premio “O Facho” de teatro de 1983 por *Grande invento para saír do aburrimiento* (1987); Premio O Barco de Vapor no ano 1985 con *Primeiro libro con Malola* (1985) e no ano 1989 con *Barriga verde e o dragón Achís* (1989), etc. Entre os seus títulos en solitario cóntanse: *O dragón de Gondomil* (1986); *Crónica dos catro viaxeiros* (1989); *Kumamoto Canchés, o meu robot xaponés* (1991); *A aldea das catro primaveras* (1993); *Contos do trabecín trabezón* (1993); *O día en que se acatarrou a cheminea das Pontes* (1993); *A princesa do cabaliño café* (1994); *Cuco, cuquelo, ¿que tes no fardelo?* (1998); *Nena de flan* (2000); *Carpametacarpadeduna* (2001); *Os feitizos de Medea* (2001); *O reino de Dama Dura* (2001); *Ten, ten, a miña casa ten...* (2001) e *Tres contos do máxico tres* (2002).

### A ILUSTRADORA

Laura Blanco (Xixón, 1975) estudou Belas Artes na Universidade Complutense de Madrid e na Akademie der Bildenden Künste-Stuttgart. Traballa nos campos da escultura móbil e do gravado e ten ilustrado algunhas obras de literatura infantil e xuvenil, entre elas, *Mamá Cabra. Cantos rodados* (2002).

**Títulos:** *Os Bolechas van en caravana* ; *Os Bolechas rifan no cuarto de baño*

**Escritor:** Pepe Carreiro


**Ilustrador:** Pepe Carreiro

**Colección:** Os Bolechas ; 29, 31

**Editorial:** A Nosa Terra

**Núm. pp.:** 18

**Premio:** Literatura Infantil e Xuvenil "Lecturas" 2002



Nesta primeira colección dos Bolechas recóllense con humor as peripecias e vivencias da familia destes seis irmás e do seu can Chispa. En todos os títulos desta serie pódese observar, a partir dunha lectura textual e visual, cómo se incide na igualdade de todos os membros da familia á hora de realizar tarefas e de adxudicar ás personaxes femininas roles que ata hai ben pouco se identificaban unicamente cos homes ou viceversa. Neste dossier salientamos dous dos volumes onde se pode aprezar con maior claridade esta igualdade.

En *Os Bolechas van en caravana* preséntanse as vivencias da familia Bolechas ao longo do primeiro día da súa viaxe en caravana. A través desta experiencia o lectorado coñece as vantaxes, desvantaxes e as posibilidades de dispor dun espazo como a propia casa mentres se viaxa. De forma igualitaria tanto os nenos coma as nenas participan nos preparativos da viaxe, alternándose na condución do vehículo a nai e o pai e ademais o pai será o encargado da preparación da merenda dos fillos e das fillas, un papel que se lle adxudicaba tradicionalmente ás mulleres.

En *Os Bolechas rifan no cuarto de baño* as xemelgas Pili e Loli, Braulio, Sonia, Carlos e incluso o pequeno bebé Tatá acaban mollados dende a cabeza ata os pés ao comezar un círculo de lanzamentos de auga que, sen querelo, involucra pouco a pouco a cada un deles nunha batalla de charifes. Ao final os Bolechas vense na obriga de limpar todo o cuarto de baño, ao estar sulagado, e de secarse eles mesmos. Coa lectura deste conto o lectorado non só pode rir e pasalo ben coas peripecias destes irmáns senón tamén adquirir coñecementos e contidos enmarcados na área da socialización e autonomía persoal como son: a responsabilidade dos nosos actos, a colaboración nas tarefas da casa e a non discriminación, como se deixa patente nas ilustracións onde nenos e nenas realizan todo tipo de tarefas relacionadas coa limpeza dun cuarto de baño.

Estes relatos son máis visuais ca textuais, é dicir, a ilustración ten máis forza có texto e aínda que inciden na igualdade, esta faise a partir do estereotipo masculino.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Actitudes diante da convivencia na familia, en grupo...

1. Facer unha lectura visual dos relatos por grupos e comentar aqueles feitos que saliente cada un deles.
2. Preparar unha merenda na escola e comparala coa dos Bolechas.
3. Facer individualmente un debuxo no que se represente a limpeza dunha casa e colocalos nun panel. Debater sobre as semellanzas e diferenzas.

### O ESCRITOR E ILUSTRADOR

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) comezou o seu labor como humorista gráfico en 1977. Colaborou en diversos diarios e semanarios. Publicou páxinas de banda deseñada nas revistas *Golfiño* e *Bule Bule* e en volumes como *A retirada de Sir John Moore* (2002) e *Os Barbazóns* (2003). Como ilustrador ten colaborado en abondosos textos dirixidos ao lectorado infantil e xuvenil. Na actualidade realiza para A Nosa Terra, ademais da serie protagonizada polos Bolechas, os textos e os debuxos para as coleccións “A Nosa Historia” ou “A Historia Universal”.



**Títulos:** *Os Bolechas queren saber cómo é un parque de bombeiros ;*

*Os Bolechas queren saber cómo é a policía local*

**Escritor:** Pepe Carreiro

**Ilustrador:** Pepe Carreiro

**Colección:** Os Bolechas queren saber ; 6, 7

**Editorial:** A Nosa Terra

**Núm. pp.:** 29



Esta nova colección protagonizada polos Bolechas presenta como novidades con respecto á anterior o seu formato rectangular, as páxinas a toda cor e a inclusión do texto escrito na parte superior, integrado dentro da propia ilustración. Desta serie salientaremos dous dos títulos nos que se constata a incorporación da muller a postos laborais inaccesíbeis e atribuídos durante moitos anos unicamente aos varóns na maior parte das sociedades e culturas.

En *Os Bolechas queren saber cómo é un parque de bombeiros* o lectorado coñece un pouco mellor como son as instalacións que se utilizan nesta profesión, a súa organización e o seu día a día, as funcións e traballos que teñen que realizar, os diferentes elementos que compoñen o seu uniforme, así como os numerosos instrumentos e ferramentas do equipo que empregan para salvar á xente que está en apuros. As través das imaxes do volume observamos como as personaxes femininas que desempeñan este traballo aparecen en diferentes situacións nas que realizan os mesmos labores cós homes: explican o funcionamento da máquina das botellas de osíxeno, conducen os camións, escalan paredes... Deste xeito reflítese a presenza das mulleres neste traballo, cada vez máis frecuente.

En *Os Bolechas queren saber cómo é a policía local* os irmáns Bolechas aprenden todo o referente ás forzas policiais: os seus uniformes, os distintos cargos xerárquicos, as seccións nas que pode dividirse, e, sobre todo, as súas funcións, especialmente, as intervencións dos axentes nas relacións cidadás e na organización do tráfico. Neste volume a muller é un membro máis do corpo policial no que desenvolve as mesmas funcións cós seus compañeiros. Non só se salienta a presenza de mulleres na realización das actividades rutineiras da policía senón que o feito de aparecer a súa figura para representar calquera das categorías xerárquicas do corpo deixa entrever a posibilidade de optar aos niveis máis altos do corpo policial ao igual có home.

Estes relatos, como ocorre na serie anterior, son máis visuais ca textuais, é dicir, a ilustración ten máis forza có texto e aínda que inciden na igualdade esta faise a partir do estereotipo masculino.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Descrición e características dos oficios de bombeiros e policía local.

1. Comentar as profesións dos proxenitores dos membros do grupo. Facer unha listaxe por sexo e marcar as profesións preferidas por cada un.
2. Realizar unha visita a un parque de bombeiros, intercambiar experiencias e comparala coa feita polos Bolechas.
3. Invitar a un membro da policía local e facerlle unha entrevista tendo en conta o aprendido cos Bolechas.

### O ESCRITOR E ILUSTRADOR

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) comezou o seu labor como humorista gráfico en 1977. Colaborou en diversos diarios e semanarios. Publicou páxinas de banda deseñada nas revistas *Golfiño* e *Bule Bule* e en volumes como *A retirada de Sir John Moore* (2002) e *Os Barbazóns* (2003). Como ilustrador ten colaborado en abondosos textos dirixidos ao lectorado infantil e xuvenil. Na actualidade realiza para A Nosa Terra, ademais da serie protagonizada polos Bolechas, os textos e os debuxos para as coleccións “A Nosa Historia” ou “A Historia Universal”.

**Títulos:** *Primeiro amor en Ferrol* ; *A moeda de Lugo*


**Escritor:** Pepe Carreiro

**Ilustrador:** Pepe Carreiro

**Colección:** Os Bolechas van de viaxe

**Editorial:** A Nosa Terra

**Núm. pp.:** 27



Nesta nova colección protagonizada polos irmáns Bolechas, grazas á fusión da lectura do texto coa das imaxes, non só se dán a coñecer máis polo miúdo os denominados cascos históricos de Ferrol, Pontevedra e Lugo, por medio das anécdotas desta familia, senón que tamén se incide na igualdade entre os membros masculinos e femininos da familia.

En *Primeiro amor en Ferrol* os seis irmáns Bolechas chegan a esta cidade, situada “ao pé do mar, no fondo dunha ría moi tranquila” e onde se fan “os barcos máis grandes do mundo”. Durante a súa estancia en terras ferrolás coñecen a Dominique, un mariñeiro francés, a quen axudan a atopar o camiño do porto e do que se namoran Pili e Loli, as dúas irmás xemelgas. En agradecemento á axuda prestada, invítase aos irmáns a unha gran merenda no barco-escola francés no que teñen a oportunidade de descubrir que nel reciben instrución tanto os homes coma as mulleres que escolleron unha saída profesional no ámbito do mar.

En *A moeda de Lugo* os seis irmáns e o seu can Chispa chegan a esta cidade no mes de decembro coa intención de coñecer a muralla romana. No seu paseo lucense atopan unha moeda de ouro e logo de pescudar a súa antigüidade deciden entregala no museo coa axuda de Roi, un neno lucense, que os acompaña. Despois de verse obrigados a perseguir por toda a cidade a un corvo que lles arrebatou a moeda, será un personaxe feminino, unha das irmás Bolechas, a única a quen se lle ocorre a maneira de lograr que o dono do corvo, adestrado a roubar ouro, lla devolva. Neste conto cabe salientar o feito de ser unha nena quen argalla unha posíbel solución ao problema e quen organiza e indica aos compañeiros e compañeiras o que se debe facer nese momento. A esta rapaza, ademais de lle adxudicar as características típicas da serie para as mulleres, como ter iniciativa e rapidez á hora de tomar decisións, dáselle outras que por norma xeral se identificaban máis cos varóns, como é a picardía e o enxeño.

As ilustracións, ademais de presentar as características dos volumes das outras series, propoñen unha secuenciación visual e contextualizan e complementan as narracións, proporcionando, a través das imaxes, datos arquitectónicos dos lugares onde se desenvolven.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Actitudes diante da convivencia na familia, en grupo...
- Historia das cidades de Lugo e Ferrol.

1. Facer un mural sobre a cidade de Lugo e de Ferrol, comparar as imaxes que os compoñen coas que se achegan cando os Bolechas visitan esta cidade.
2. Escribir unha carta a un dos irmáns Bolechas na que se lle explique como é a cidade, vila ou pobo de cada membro do grupo.
3. Facer unha listaxe de cidades ou lugares que se coñezan por ter tesouros soterrados ou nos seus museos.

### O ESCRITOR E ILUSTRADOR

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) comezou o seu labor como humorista gráfico en 1977. Colaborou en diversos diarios e semanarios. Publicou páxinas de banda deseñada nas revistas *Golfiño* e *Bule Bule* e en volumes como *A retirada de Sir John Moore* (2002) e *Os Barbazóns* (2003). Como ilustrador ten colaborado en abondosos textos dirixidos ao lectorado infantil e xuvenil. Na actualidade realiza para A Nosa Terra, ademais da serie protagonizada polos Bolechas, os textos e os debuxos para as coleccións "A Nosa Historia" ou "A Historia Universal".

**Título:** *Os nosos dereitos*

**Escritora:** Maria João Carvalho

**Ilustradora:** Carla Nazareth

**Traductora:** Irene Penas Murias

**Colección:** Montaña encantada. Primeiros lectores

**Editorial:** Everest Galicia

**Núm. pp.:** 45



Este álbum infantil, de carácter didáctico e informativo, versa sobre os principios dirixidos a defender a seguridade e integridade das nenas e dos nenos, aprobados e promulgados pola Declaración da Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1959. Con estes dereitos como pano de fondo, atopamos un texto paralelo, nun ton claramente máis poético, onde son os propios nenos e as propias nenas quen protagonizan as aventuras. A autora recorre a seres do mundo literario fantástico tales como fadas e trasnos que lle dan un toque máis infantil e doce ao relato. Sévese tamén da simboloxía (o arco da vella) para espertar no lectorado un sentimento de amor, solidariedade e comprensión. Emprégase moito como personaxe á nena pero en troques a linguaxe exprésase en masculino, a pesar de que o dereito primeiro da Declaración incide na non discriminación por motivos de sexo. As ilustracións permiten unha lectura visual de cada un dos dereitos para seguir o lectorado infantil e tamén para ser guiada polo lectorado adulto. Tamén reflicten maioritariamente a imaxe feminina.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Dereitos da infancia.
- Reflexión sobre os dereitos que non se respectan.
- Linguaxe non sexista.

1. Realizar un relato paralelo por medio das ilustracións.
2. Debater sobre os dereitos que se considere non están recollidos en relación ás nenas.
3. Analizar e ler imaxes dos medios de comunicación onde se vexa que non se respecta esta Declaración.
4. Buscar en Internet casos doutras sociedades nas que non se respectan os dereitos da infancia e comparalos cos que se dan na nosa sociedade.
5. Elaborar e redactar os dereitos que queren para a súa convivencia a totalidade do grupo.

### A ESCRITORA

Maria João Lopo de Carvalho (1962) é Licenciada en Linguas e Literaturas Modernas pola Universidade Nova de Lisboa. Traballa como profesora de Portugués e de Inglés no ensino público e privado e é representante en Portugal dos colexios ingleses Pilgrims. Fundou e dirixiu a *Know How*, Sociedade de Linguas e a *Know How*, Edições Produções e Publicidade, destinada á tradución e á creación de libros para a infancia e á concepción anual da *Guia da Criança*. Actualmente é cronista de *Olá Semanário* e da *GQ*, e pertence tamén ao Consello Editorial desta última. Colabora en varias publicacións e revistas e é copywriter na McCann Erickson. A súa primeira novela, *Virada do Avesso*, foi publicada no ano 2000.

### A ILUSTRADORA

Carla Nazareth (Quelimane, Moçambique, 1975) reside en Lisboa dende 1993. É licenciada en Deseño de Comunicación pola Facultade de Belas Artes de Lisboa. Traballa dende 1998 como deseñadora e no 2001 iniciou a súa actividade como ilustradora infantil. Ten ilustrado títulos como *A Viagem Fantástica* (2001), *Há dias assim...* (2002), *Bento que Bento é o Frade* (2002) ou *O Mistério da Ilha* (2003), ademais de varios libros de texto.


**Título:** *¡Imos ir á escola!*

**Escritor:** Colectivo Montbel

**Ilustradora:** Eva Bello Alonso

**Editorial:** Primerapersona

**Núm. pp.:** 35



Volume concibido polo Colectivo Montbel de mestras para a Educación Infantil como un instrumento de apoio para as familias con nenas e nenos en período de adaptación escolar. Contén o conto que lle dá título e un mini-libro titulado *¡Van ir á escola!*, dirixido especificamente aos pais e ás nais. Nel recóllense consellos, información sobre o que os nenos e nenas van aprender e indicacións sobre cómo se lles debe ler un conto cando son tan pequenos. O conto ten como protagonistas a Antía e David, dous irmáns que se incorporan á escola por primeira vez e que viven de xeito natural este cambio nas súas vidas. Caracterízase o relato pola linguaxe non sexista, a igualdade no tratamento que reciben ambos cativos de seus proxenitores e, en xeral, as nenas e nenos por parte da mestra na escola. É moi salientábel o feito de que as ilustracións que acompañan o escaso texto achegan moita información sobre o que se relata, pois vese que nenos e nenas van vestidos indistintamente con roupa cómoda, que se trata dunha escola con cativas e cativos de diversas procedencias raciais, na que se fomenta o respecto polos compañeiros e os bos modais, do mesmo xeito que se pon de manifesto que cada un xoga libremente no tempo de ocio con aquilo que máis lle gusta, sen restricións nin adecuacións sexuais: un neno xoga cun oso, unha nena cun coche e outro neno coida as plantas.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Período de adaptación escolar.
- Multiculturalismo e os seus efectos a favor ou en contra da igualdade de sexos.
- Relacións familiares na nosa comunidade en comparación con outras.

1. Revisar o conto e buscar de qué procedencia son os nenos e as nenas da escola. Enumerar as diferenzas e semellanzas con nós.
2. Describir a familia de Antía e David e o proceso que seguen cada mañá ao erguerse antes de ir á escola.
3. Reflexionar sobre a caracterización gráfica da mestra.
4. Proxecto documental: o papel da nai nas familias do centro escolar.
5. Por equipos, realizar un mural coas imaxes de pais e nais.
6. Facer unha listaxe con aqueles xoguetes máis habituais cos que enredan os nenos e nenas. Comparar cos que xogan Antía e David e os seus compañeiros e compañeiras.

## AS ESCRITORAS

O Colectivo Montbel está formado por un conxunto de mestras de Educación Infantil, encargadas da elaboración de instrumentos e materiais de apoio e orientación para pais e nais, dirixidos a este tipo de lectorado. Teñen publicado ademais *O zoolóxico das letras*.



**Título:** *A serea da Illa Negra*

**Escritor:** Agustín Fernández Paz

**Ilustrador:** Miguelanxo Prado

**Colección:** Ala Delta. Serie azul ; 5

**Editorial:** Tambre

**Núm. pp.:** 107



Contén esta obra dous relatos de terror e misterio, marcados pola negrura, que teñen como eixo lendas sobre personaxes da tradición literaria e oral galega e que se sitúan, para buscar verosimilitude, no onírico. Neles a protagonista é unha nena activa e portadora do saber a través da transmisión oral. No primeiro é unha serea que habita nunha Illa Negra a causante de que o mar se encrespe ao redor do único sitio no que hai peixe e que todo o que se achegue alí morra ou sufra algún accidente, o que fai que a poboación fuxa en busca de traballo. Será a inocencia de Sara, filla da única familia que resistiu, a que conseguirá, coas buguinas Tair, Luou e Druim, ao servizo da Dona das Augas, salvar á poboación da serea. No segundo relato, cos mesmos apoios que no primeiro, é Sara quen salva dos feitizos da Néboa Negra aos seus proxenitores e á poboación, grazas ao seu amuleto e ao recordo de lendas que lle transmitiran a nai e o pai. Apóiase o autor nas imaxes figurativas que axudan a visualizar os relatos e a identificarse coa protagonista, que é caracterizada por medio dunha indumentaria moi do gusto do lectorado esperado.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Recordar lendas mariñas da tradición galega.
- Características dos relatos de terror e misterio.
- Símbolos e mitos femininos relacionados co mar.

1. Buscar lendas protagonizadas por sereas.
2. Recompilar dos maiores episodios ou historias sobre fenómenos que aparecen no mar e que producen milagres ou arredamentos de certos lugares. Facer un debate sobre estas crenzas.
3. Simbología de Tair, Luou e Druim ou de buguinas similares.
4. Citar outros relatos de terror e misterio protagonizados por mulleres.

### O ESCRITOR

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) é profesor de Lingua e Literatura galegas no IES Os Rosais 2, de Vigo, e un dos autores que máis títulos achegou ao lectorado infantil e xuvenil galego. Deuse a coñecer como escritor para a infancia no concurso de contos “O Facho” e dende 1989 publicou *As flores radiactivas* (Premio Merlín), *A cidade dos desexos* (1989); *Contos por palabras* (1990; 2001; Premio Lazarillo 1990, Lista de Honra do IBBY 1992, III Premio Lecturas); *Lonxe do mar* (1991); *O tesouro do dragón Smaug* (1992); *As tundas do corredor* (1993); *Rapazas* (1993); *Trece anos de Branca* (1994; Premio Edebé); *Unha lúa na fiestra* (1994); *Amor dos quinze anos, Marilyn* (1995); *Cartas de inverno* (1995; Premio Rañolas 1995); *Avenida do parque 17* (1996); *O centro do labirinto* (1997); *A néboa escura* (1998); *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998); *As fadas verdes* (1999); *Cos pés no aire* (1999; Premio Raiña Lupa), *A nube de cores* (1999); *Aire negro* (2000; Premio Protagonista Jove 2001); *O soño do merlo* (2000); *No corazón do bosque* (2001); *Noite de voraces sombras* (2002); *A praia da esperanza* (2003); *O meu nome é Skywalker* (2003; Premio O Barco de Vapor). Polo conxunto dos seus escritos mereceu moitos galardóns. É de salientar o Premio Nacional Emilia Pardo Bazán, instituído polo MEC, para libros de texto non sexistas.

### O ILUSTRADOR

Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) estudou Arquitectura na Coruña. É un dos autores máis salientábeis da banda deseñada galega. Comezou na pintura e a finais dos 70 no cómic. Publicou, entre outras, *Fragmentos da Enciclopedia Déléfica* (1985), *Stratos* (1987) e *Trazo de xiz* (1990), o álbum co que obtivo súa internacional. Con guiños alleos realizou *Pedro e o lobo* ou a serie “O manancial da noite”. Foi o creador do Xabarin da TVG e dos personaxes da serie *Os vixilantes do Camiño*. En 1998 colaborou con Dreamworks no deseño dos personaxes da serie *Men in Black* e dende ese ano dirixe o salón “Viñetas desde o Atlántico”. Os seus traballos mereceron múltiples galardóns.

**Título:** *Clave Rosa*


**Escritor:** Fernando González Graña

**Ilustrador:** Héctor Picallo "O Carrapucho"

**Colección:** A pinguela : teatro escolar ; 8

**Editorial:** Fervenza

**Núm. pp.:** 25



Divídese esta comedia en cinco escenas protagonizadas por Ramiro, un mozo sedutor de vinte e cinco anos; Amador, o tío de Mariña e de Rosiña, que está profundamente namorado dese mozo; Mariña, unha das sobriñas de Amador, que ten trinta anos e que tamén está namorada de Ramiro; Ánxela, a criada da casa de Amador, que ten vinte e cinco anos e que aínda que non está namorada de Ramiro fai que o está para dominalo; e Rosiña, a outra sobriña de Amador, curmá de Mariña, de dezanove anos e a quen todos consideran "algo parviña." Cada un deles posúe un número da combinación dunha caixa forte e todos pretenden descubrir, mediante enganos aos compañeiros, o resto dos números da combinación numérica para así roubar os cartos e escapar con quen eles queiran. Ao final, será Rosiña a que consiga facerse con toda a combinación dos números, abra a caixa e lisque soa cos cartos. A obra, que comeza cun prólogo de David Otero no que fala sobre o teatro en xeral e sobre esta peza dramática en particular, así como da proposta que presenta, desenvolve as súas escenas no xardín e no salón dunha casa. Póñense de manifesto as características atribuídas ás mulleres galegas de ambiente rural que conseguen dominar os homes aínda que só sexa na casa e tamén as consecuencias da ambición en todos os personaxes. As ilustracións son figurativas e en branco e negro e nada achegan á obra, a non ser a escenificación dalgún aspecto das escenas.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Características da muller rural galega actual en comparación coas da muller de comezos do XX.
- A cobiza e as súas consecuencias.
- A homosexualidade.

1. Diferenzas entre as personaxes femininas e masculinas.
2. Tentar situar a obra, polas características dos personaxes, nunha época e comparar coa actual.
3. Buscar información sobre a homosexualidade e debater a súa consideración na sociedade actual.

### O ESCRITOR

Fernando González Graña (Cuntis, 1962) é autor tamén da obra *O diario de Daniel* (2002).

**Título:** *Teatro para contistas : Xogos infantís no escenario*

**Escritor:** Heidi Kühn-Bode

**Ilustrador:** José Tomás

**Colección:** Golfinho ; 4

**Editorial:** Baía

**Núm. pp.:** 108



Volume no que se recollen seis breves pezas teatrais nas que se recrean algúns contos clásicos, adaptándoos aos esquemas da sociedade actual. Despois dunha introdución na que se recollen consideracións para a súa representación, reproducense as obras, que teñen como fio condutor o relato que fai a “Contista” de cada unha das tramas, nas que a intertextualidade, a presenza de roles non sexistas ou o emprego dunha linguaxe desenfadada son algunhas das principais características. Así, en “Adelina toma café” trátase cómo foron accedendo as mulleres durante a segunda república aos cafés, espazos restrinxidos só a homes ata o daquela. En “O Nadal dos cacharriños” recreáase o conto clásico dos músicos de Bremen, agora protagonizado por unha tixola e outros aparellos de cociña abandonados polos seus donos, un matrimonio no que a muller ten unha banda de música e o home se encarga dos traballos domésticos. En “O lobo vello e as sete cabuxiñas espilidas” proponse escenificar as dificultades que ten o lobo, xa vello, para enganar a unhas cabuxas moi modernas, rebeldes, rosmonas e de moito carácter. En “Brancaneves e os oito roqueiros” preséntanse os desexos desta moza de ser unha cantante famosa de rock coma Madonna e o seu enfrentamento coa Bela DORMENTE. En “A chave que abría todas as portas” recreáase o afán da Fandiña por conseguir aprobar todo a través dunha chave máxica. Finalmente, en “O crocodilo que quería celebrar o Nadal” ponse en escena cómo se cumpren os desexos do crocodilo Toffel que viaxa na alfombra máxica de Hilda ata Bavaria para celebrar o Nadal. Estas pezas van encabezadas cunha ilustración que caracteriza algúns dos protagonistas.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Evolución do acceso das mulleres aos espazos públicos.
- A subversión dos roles.
- Outros modelos de familia, relacións sociais...
- Narración e teatro: literatura-espectáculo.

1. Atopar en “Adelina toma café” algún lugar ou algunha actividade á que as mulleres aínda non teñan accedido.
2. Preguntar ás avoas e avós aquelas cousas que agora poden facer as mulleres e no seu tempo tiñan vedado.
3. Descubrir cal é a peza que pode titularse “O mundo ó revés” explicitando a razón pola que se lle poñería ese epígrafe.
4. Escribir por equipos unha obra na que se lle dea a volta aos papeis que parecen xogar normalmente homes e mulleres na sociedade. Unha vez lidas todas as obríñas en voz alta pódense votar e representar aquela que máis guste.

### A ESCRITORA

Heide Kühn-Bode (Bavaria, Alemaña, 1945). Instalada en Galicia dende hai trinta e sete anos, é licenciada en Filoloxía Inglesa e Románica pola Universidade de Santiago de Compostela e en Tradución pola de Múnic. Forma parte da comisión da Norma Europea para a seguridade dos nenos e nenas nos parques infantís. Ao longo da súa vida foi mestra de lingua inglesa e fabricante de xogos para parques infantís. Ten unha longa traxectoria como escritora para adultos e para a infancia e a adolescencia. Na literatura infantil e xuvenil estreouse en 1991 con *Fideliño o carteiro*, á que lle seguiron *Mundiños* (2003), Premio Estornela, e *Teatro para contistas*.

### O ILUSTRADOR

José Tomás Díez Teijo (Betanzos, A Coruña, 1971) é licenciado en Filoloxía Inglesa e traballa de profesor de Ensino Secundario (IES Melide). É ilustrador e habitual colaborador en distintos medios de comunicación, entre eles *La Voz de Galicia*, xornal no que participa como humorista gráfico, ademais de ter colaborado en revistas como *Golfiño* ou *Plis-Plas* e o cómic *H2oil* (2003). Tamén ten traballos de ilustración de páxinas web, de debuxos de animación para CD-Rom ou guións e debuxos de cómic cos que participou en diferentes concursos. Moitos dos seus traballos están realizados para volumes de carácter educativo.

**Título:** *Unha tarde no parque*

**Escritora:** Laura López

**Ilustradora:** Carmina del Río

**Colección:** Laura e compañía ; 5

**Editorial:** Baía

**Núm. pp.:** 31



Esta obra forma parte dun proxecto dirixido ás nenas e nenos de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Educación Primaria que pretende fomentar a lectura a través de textos sinxelos adaptados ao lectorado esperado, ben por medio de letra caligráfica seguida ou de imprenta, de pau, ben por medio de debuxos que complementan e axudan á comprensión lectora, ao tempo que parece pretender fomentar valores para a convivencia, a sociabilidade e a paridade de sexos. Todos eles van acompañados dun cuestionario para despois da lectura que pretende afianzar a observación e a comprensión, potenciar a expresión oral e facilitar a asociación memorística. Este relato preséntase nun texto rimado no que se conta cómo os personaxes desta serie, Laura, Xoán e Marica, pasan unha tarde no parque e levan moitos xoguetes para se divertir: a bici, a pa, o restrelo, o ioiío, a pelota e tamén a merenda. Non esquecen tirar o lixo á papeleira e prestar os seus xoguetes, así como non pelexar cos grandullóns, non amolar os demais, xogar todos xuntos, devolver os xoguetes que non son seus e aprender a xogar no bambán. Cando xa vai fresco marchan para a casa, onde se bañan, cean, lavan os dentes, len un conto e marchan a durmir.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Tipoloxías de xogos infantís.
- Diferenzas entre os xogos tradicionais dirixidos aos nenos e os dirixidos ás nenas.
- Relacións de convivencia.

1. Facer unha listaxe dos xogos preferidos polos nenos, as nenas e os mixtos.
2. Marcar as diferenzas, a través das ilustracións do libro, entre os xogos que fan as nenas e os que fan os nenos. Comparar qué pasaría se invertimos os roles.
3. Facer un mural no que se representen os xogos preferidos e case sempre realizados por un neno e unha nena, e aqueles que xogan todos xuntos.
4. Recoller rimas que acompañen aos xogos de transmisión oral, recitalas e/ou cantalas.
5. Dividir o grupo en varias familias que se preparan para unha festa comunitaria na que se reflitan os valores do relato que se leu.
6. Caracterizar individualmente aos nenos e nenas do relato e logo comparar as caracterizacións.



**Título:** *Ota quiere voar*

**Escritora:** Ánxela Loureiro

**Ilustrador:** Santiago Eiroa Pazos

**Colección:** Merlín ; 138. De 7 anos en diante

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 87



Relato da vida dunha gaivota á que poñen por nome Ota, que é a primeira palabra que pronuncia logo de nacer. A súa característica máis destacábel é a curiosidade que a domina dende o momento no que loita por saír do ovo e vai tomando conciencia do seu propio corpo, quen é, ónde está e cómo é o mundo máis inmediato que a rodea. O seu carácter intrépido e con ansias infinitas de coñecer máis, lévana a poñer en perigo a súa propia vida, ao botarse a voar moito antes de que as súas ás estean o suficientemente fortes como para sostela. Esta mesma curiosidade levaraa a verse separada da súa familia, posto que é cazada por un neno na praia mentres observa embelesada cómo xogan na area algunhas persoas. Sen embargo, meses despois, logra recuperar a súa liberdade e fuxir na busca dun lugar seguro no que comezar de novo a descubrir o mundo. A súa personalidade sempre positiva axuda a todos aqueles cos que se atopa no seu camiño, como por exemplo o castiñeiro temeroso de que o corten, á vez que a leva a tentar recuperar a súa familia e volver ao lugar no que nacera. Na busca do fogar natal atopa outras gaivotas e é partícipe dos seus problemas, como a destrución dos niños que levan a cabo os homes ou o accidente de Pau, a súa amiga, por un disparo. Pódese dicir que a protagonista deste relato está caracterizada como un ser moi curioso, intelixente, con moita forza de vontade, positiva e cunha ollada inocente que comparte co lectorado agardado, descubrindo para el o mundo dende o punto de vista dunha ave mariña. Este relato está tamén ambientado visualmente polas ilustracións que axudan a comprender a historia e a seguir as aventuras da protagonista no seu contorno.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Características da solidariedade.
- Definir autoconfianza, autoestima, curiosidade, amizade, comprensión, positivismo.
- O medio ambiente e os atentados contra el.

1. A partir dun diálogo identificar quen son os depredadores que atacan as gaivotas e quen son os que lles prestan axuda. Tentar conclusións.
2. Lembrar ou buscar no texto aqueles parágrafos nos que se explica quen se ocupa do coitado e educación das crías de gaivota.
3. Realizar unha posta en común para opinar sobre a carácter dos personaxes que aparecen no texto, deténdose especialmente en Ota, a protagonista. Buscar un par de adxectivos para definir a cada un deles e tamén a cada un dos participantes e ás súas amigas e amigos máis achegados.
4. Lembrar algunha experiencia vivida na que as aves estivesen en perigo (accidentes, ma-reas negras, tráfico) e expresala mediante un debuxo e un texto escrito.

### A ESCRITORA

Ánxela Loureiro Fernández (Ferrol, 1956), iniciou a súa faceta como creadora en 1978 coa obra de teatro *¡Ollo, hai lurpios na horta!*, coa que acadou o primeiro premio de Teatro Infantil do Ateneo Ferrolán. Tamén é autora de poemas que foron musicados por diferentes grupos galegos e no terreo da narrativa ata o de agora ten publicado *Viaxe de ida e volta* (1996), *Laia, a nena da illa* (1998) e *Camiño perigoso* (Finalista do Premio Merlín, 2002). Actualmente traballa como guionista.

### O ILUSTRADOR

Santiago Eiroa Pazos (Ferrol, 1976) estudou xornalismo e ilustración. Esta é a segunda obra que ilustra despois de telo feito en *Tres contos do máxico tres* (2002), de Xoán Babarro.

**Título:** *Irmán do vento*

**Escritor:** Manuel Lourenzo González

**Colección:** Fóra de xogo ; 72

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 197

**Premio:** Merlín 2003



Novela de protagonismo masculino na que Khaled, un rapaz árabe que vive no Iraq en tempos de guerra, conta en forma de carta-diario o que lle vai acontecendo a el e á súa familia, as súas reflexións sobre a vida, o que pensa respecto á igualdade entre os homes e as mulleres, os seus temores de futuro, os seus sentimentos ou, sobre todo, a difícil aventura á que se enfrentou: ir só a Bagdad e traer de volta á casa o corpo de seu pai morto en combate durante a guerra de 2003. Neste relato destaca a presenza de dous personaxes femininos, as tías de Khaled, Dulaah e Tsarha, mulleres árabes, solteiras, privadas de independencia, sen vivenda propia e que teñen que gañar diariamente a benevolencia de Sayiam, o pai de Khaled, para que as siga acollendo na súa casa, protexendo e alimentando. Dulaah e Tsarha, pola situación desfavorábel na que viven, deciden fuxir da súa aldea coa esperanza de comezar unha nova vida nunha das cidades do sur do país. A súa fuxida non é ben vista por algúns dos membros varóns da familia que incluso pensan en ir buscalas e traelas, aínda que sexa á forza, de regreso á casa, mais a intervención do pai de Khaled convence ao resto dos homes de que quizais sexa o mellor para elas, pois son intelixentes, responsábeis, ben educadas e saberán elixir o que máis lles convén. Pasado o tempo, a familia recibe carta de Dulaah que, sen citar o seu enderezo por medo ás represalias, conta que tanto ela coma a súa irmá están ben de saúde, traballan e gañan cartos nunha cidade preto de Bagdad. Así mesmo, tamén é de destacar o personaxe de Amrah, pois é a única rapaza na aldea de Khaled que estuda igual que os homes e que ten a intención de ir á universidade para facer a carreira de arquitectura.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- A organización social nunha familia musulmana: o papel das mulleres.
- Tópicos que fortalecen as desigualdades entre os xéneros.
- A función da cultura escrita na superación persoal.

1. Elaborar en grupos unha listaxe dos roles dos homes e das mulleres do grupo social de Khaled e argumentar sobre a xustiza dese reparto de roles, as posibles causas e dar alternativas.
2. Logo de distinguir entre o que é tabú e tópico, enumerar os que aparecen na narración de Khaled sobre o que é propio da muller e do home, sobre o que deben facer e non facer as mulleres, e propoñer un diálogo sobre a súa existencia no contexto no que o alumna-do se move habitualmente.
3. Proxecto documental: o papel das mulleres na guerra ao longo da historia: soldadeiras, mulleres *travestidas*, o papel da muller estadounidense na II Guerra Mundial, as refuxiadas saharauís, as mulleres en Afganistán antes e despois da guerra, as mulleres en Iraq...
4. Localizar e comentar nesta historia de Khaled a importancia da cultura escrita para a superación persoal de homes e mulleres.

### O ESCRITOR

Manuel Lourenzo González (Vilaboa, Pontevedra, 1955) é profesor e escritor. Deuse a coñecer na literatura infantil e xuvenil coa obra *No outono das fragas* (1995), aínda que xa anteriormente merecera unha mención honorífica no Concurso Nacional de Contos O Facho 1982 cun conxunto de contos e o primeiro premio deste mesmo concurso en 1990 por *A galiña, o lagarto e o burro*. Publicou tamén *Tanis I o Mocos* (1998), *Animais de compañía* (1998), a adaptación do conto popular *A leiteira* (1999), *A música da noite* (2001, Premio Estornela de Teatro da Fundación Neira Vilas 2000), *O patadón* (2001), *O que é a vida* (2001) e *Estanislaio, príncipe de Sofrovia* (2002).

**Título:** *Diario cruzado de Xoán e Xoana*

**Escritoras:** Ana Maria Magalhães e Isabel Alçada

**Tradutor:** Xosé Antonio Fernández Salgado

**Colección:** Xuvenil. Serie vermella

**Editorial:** Obradoiro

**Núm. pp.:** 171



Se o máis habitual é que as grandes amizades estean sustentadas na relación entre persoas do mesmo xénero, neste volume recóllense as cartas e conversas telefónicas que se cruzan un mozo e unha moza que, por mor das vacacións, non queren romper o estreito vínculo que os une. Xoán non ten unhas perspectivas favorábeis ante o verán que lle espera, posto que remata de concluír unha relación coa súa antiga moza e pouco lle agrada o centro de Turismo Rural Zimbro, no que ten que convivir co seu pai e a súa nai de quen se sente bastante afastado pola falta de entendemento. Pola súa parte, Xoana vai sufrir un forte desengano ao descubrir as infidelidades do matrimonio dos seus proxenitores no complexo turístico Oliveiral do Cazador. Pese a que Xoán e Xoana se coñecen dende sempre por ser veciños, o contacto gráfico e verbal que van establecer permíttelles saber das aventuras e historias que van protagonizar ese verán, ademais de todas aquelas mudanzas que se producen no seu interior. As palabras de apoio e consello que se ofrecen, sempre cargadas de tenrura, humor e ironía, provocarán que Xoán e Xoana poidan conseguir unha comunicación máis fluída e forte, así como solventar parte dos problemas cos que partían nun inicio. Nesta comunicación son de salientar temas e reflexións que poucas veces se teñen dado entre amigos de diferente sexo, cun claro aceno cara á mostrara a igualdade que se quere transmitir e unha actitude activa por parte de Xoana.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Amizade entre persoas de sexo diferente.
- Relación cos pais e nais.
- Igualdade na parellas.

1. Escribir cartas a Xoán ou a Xoana facéndose pasar por unha das súas amizades.
2. Debater sobre a amizade entre persoas de diferente sexo e se a cuestión xenérica é relevante á hora de escoller as amizades.
3. Especificar os problemas que tiñan Xoán e Xoana e cómo enfrontarse a eles.

## AS ESCRITORAS

Isabel Alçada (Lisboa, 1950) é licenciada en Filosofía pola Facultade de Letras de Lisboa. Actualmente é profesora da Escola de Educación de Lisboa. Ana Maria Magalhães (Lisboa, 1946) é licenciada en Filosofía na mesma facultade. Participou na reforma do sistema educativo portugués entre 1979 e 1981. Comezaron a colaborar no ámbito da docencia en 1976 e en 1982 publicaron o seu primeiro volume conxunto. A través dun estilo “divertido e sinxelo” e unha clara intención didáctica, convertéronse nun fenómeno editorial en Portugal con grande éxito de vendas. Os seus títulos marcaron unha viraxe na literatura infantil e xuvenil portuguesa. En lingua galega contamos, ademais de con esta obra, con *Unha aventura na escola* (1993).

**Título:** *A muller mariña : (Dunha mítica criatura do mar e da terra)*


**Escritor:** Xosé Luís Martínez Pereiro

**Ilustradora:** Ana Pillado Vega

**Colección:** Relatos históricos

**Editorial:** A Nosa Terra

**Núm. pp.:** 69



Neste relato fantástico mestúrase a lenda cos personaxes históricos. A trama argumental dá inicio cando Froián, un monteiro que saía de caza, atopa unha serea na beira da praia xunto a unhas penas. Tras uns primeiros instantes de absoluta confusión, decide levala á súa casa e ponlle de nome Mariña. Namórase dela e deixa a súa dona. Pero como a serea é muda buscan nun bruxo solución ao problema, quen lle anuncia que vai ser nai dun fillo pero non lle recobra a voz. A súa vida era moi feliz, pero Mariña continuaba muda, ata que un bo día o pai fai o simulacro de tirar o neno ao lume. Ante isto, un gran berro saíulle á serea da gorxa, momento dende o que comezou a falar. Neste punto remata esta historia e nela fundaméntase a segunda parte da obra, que se ambienta no século XVIII e na que participan persoeiros da cultura galega que reflexionan sobre o acontecemento narrado na primeira parte. Dúas historias, pois, contadas por un narrador omnisciente, ás que se lle suma un pequeno inciso final no que o escritor conta unha vivencia propia en primeira persoa. Cada narración ten unha localización temporal ás veces definida, outras máis difusa, ao igual que os espazos; así, sábese que a primeira delas ten lugar “algún tempo despois” da creación de Adán e Eva; sen embargo, a segunda parte cita textualmente o ano 1788. As ilustracións presentan figuras estilizadas, esquemáticas, con cabezas redondeadas e desproporcionadas. A técnica empregada é a pintura, acompañada nalgunhas páxinas de fondos e partes con papeis impresos. Predominan as tonalidades frías —azuis, grises, brancos— con toques puntuais de tons cálidos —laranxas, vermello— situándonos de maneira gráfica no contorno no que se desenvolve o relato.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- A serea na literatura.
- Problemática da separación de parellas.
- A muller na tradición oral.

1. A historia de Mariña pode servir para introducir unha análise das características das personaxes fantásticas femininas nas lendas de tradición oral, especialmente as que proceden ou habitan nas augas: as sereas, as donas da fonte, as xacias, as xanas asturianas, as lumias, pero tamén as mouras, as señoras, tendo en conta as capacidades atribuídas, os lugares nos que aparecen, as accións que realizan, a súa relación cos humanos, especialmente se son varóns, etc.
2. Propónse un percorrido pola historia das sereas, dende a mitoloxía grega á Maruxaina da Mariña luguesa, investigando nomes, características e textos literarios ou produtos audiovisuais nos que aparecen.
3. O libro ten un importante tratamento de ilustración. Isto pode suxerir, xunto co anterior, unha recollida de imaxes de sereas realizadas ao longo da historia e que foron fixando no noso imaxinario colectivo a figura da serea actual, así como a realización persoal dun traballo plástico sobre o tema.
4. Identificar os persoeiros da cultura galega presentes na obra e facer unha breve bibliografía.

### O ESCRITOR

Xosé L. Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) iníciase na literatura infantil e xuvenil con *Conto dun mougán e dun Roubapolos*, segundo premio do Concurso Nacional de Contos O Facho 1981. Posteriormente dedicouse ao teatro e á narrativa para xente adulta. En 1985 publicou, en colaboración con Carlos Paulo Martínez Pereiro, *Un día na vida de Vladimiro e o seu can Trotsky*, obra coa que mereceu unha mención no III Concurso Nacional de Teatro Infantil O Facho 1977.

### A ILUSTRADORA

Ana Pillado Vega (A Coruña, 1978) ten ilustrado na literatura infantil e xuvenil galega *Poucapalla* (2001), de Xosé Ballesteros, *Carta de Habana* (2002), de Manuel García Barros e *O entroido en Perruscallos* (2002), de Avelino Pousa Antelo.



**Títulos:** *¡Cantos amigos!*; *¡Tódalas cores!*

**Escritor:** Max

**Ilustrador:** Max

**Tradutora:** M<sup>a</sup> Dolores Torres París

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 18



Estes álbums infantís de pastas e páxinas duras presentan ilustracións de carácter figurativo en cores vivas e tintas planas que serven de axuda ao lectorado para comprender mellor o conto narrado. O debuxo da portada é o mesmo có do interior e nel salientáanse notas non sexistas. Neles, xógase moito coa intertextualidade, sobre todo con personaxes dos contos clásicos. No relato *¡Cantos amigos!* a nai de Dani bérralle ao seu fillo por ter todos os xoguetes tirados polo chan do seu cuarto. Dani, para contentar a súa nai, decide colocalos ordenadamente todos enriba da cama. O pequeno pingüín reconta todos os seus xoguetes ata ter os seus amigos ben colocados e ordenada a habitación. Ao final Dani dille a súa nai que como son moitos precisan unha cama máis grande, pois con el son dez e co monstro que vive debaixo da cama once. En *¡Tódalas cores!*, Dani manifesta a súa sorpresa ante os seus proxenitores porque coincidiron todos na cor do vestiario, o amarelo, precisamente a súa cor favorita, e preguntalle a súa nai se existen máis cores. A nai amósalle as cores: o azul do ceo, o branco das nubes, o gris da paisaxe cando chove, o arco da vella que ten todas as cores e a transparencia da auga e explícalle que só se poden ver cando hai luz. Ao día seguinte, cando Dani esperta, o seu pai e a súa nai entréganlle un agasallo porque está de aniversario. Daniponse moi contento e amósalle á súa amiga, a ra Renata, o mellor regalo que nunca tivo, a caixa de lapis de cores que lle agasallaron, porque agora xa dispón de todas as cores.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Roles de cada membro da familia.
- Tipos de xogos e xoguete sen xénero.
- Repaso polas cores e tipos de vestimenta a partir do arco da vella.

1. Facer un mural no que se reproduzan diferentes fenómenos atmosféricos e indicar que actividades se poden facer fora de casa cando suceden, e tamén cales non se poden facer. Remarcar que todas e todos podemos facer calquera das actividades.
2. Buscar personaxes doutros contos que aparezan nestes e dicir as súas características, ademais de lembrar quén lle leu ou contou ese conto.
3. En parellas mixtas, debuxar os xoguete favoritos e ver as diferenzas e semellanzas nas súas eleccións. Posteriormente, tamén poderán escoller un xoguet novo para regalarlle a Max e para cada un deles (poden debuxalo ou recortalo dun catálogo).
4. Debuxar un arco da vella e indicar as cores que o compoñen.

### O ESCRITOR E ILUSTRADOR

Max, nome artístico de Francesc Capdevila (Barcelona, 1956), é guionista e debuxante de cómics e ilustrador. Comezou a debuxar historietas en 1973 formando parte do colectivo El Rollo, moi influenciado polo *underground* americano. En 1979 pasa a formar parte da revista *El Víbora*, na que publicou a maior parte da súa obra no eido da historieta ata principios dos anos 90, cando se dedica de cheo á súa faceta de ilustrador, un traballo que abrangue carteis, libros, revistas e discos e que o converteu nun autor de sona internacional. En 1997 acadou o Premio Nacional de Ilustración.

**Título:** *Eu vivo en dúas casas*

**Escritora:** Miren Agur Meabe

**Ilustrador:** Jokin Mitxelena

**Tradutor:** Xesús Carballo Soliño

**Colección:** ¿E que? ; 10

**Editorial:** Galaxia

**Núm. pp.:** 30



Neste conto realista por medio da protagonista, unha nena de nove anos, relátanse os acontecementos que a pequena vive cando os seus proxenitores lle comunican que se van separar. Malia que María, unha amiga de Sara, que así se chama a protagonista, lle conta no parque da cidade as razóns polas que segundo ela se separan, a nena segue sen entendela, pois observa distanciamento e mesmo irritabilidade entre o pai e a nai. Así, cando seu pai finalmente se muda a outra casa, Sara víngase dos seus proxenitores sen demostrar os seus coñecementos nos controis que lle fan no seu centro de ensino e presentándoos en branco. O conto remata cando Sara acode á consulta dunha psicóloga, quen lle axuda a superar o trauma e sacarlle produto ao feito de vivir en dúas casas e así comprender mellor a separación do pai e da nai, unha separación consensuada. Presenta en xeral o relato actualidade nas accións que se levan a cabo para resolver o conflito da nena. Este relato ampárase e continúaase coas ilustracións de tipo narrativo que se alternan co texto e salientan precisamente a igualdade dos roles dos proxenitores sen perda de identidade.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Problemáticas das parellas.
- Fracaso escolar.
- Función das asesorías psicolóxicas.

1. Escenificar o conflito do pai e da nai de María. ¿Como actuaría o alumnado nun caso igual?
2. Realizar un cuestionario máis amplo de posíbeis causas das separacións de parellas.
3. Observar e explicar as ilustracións nas que aparece a psicóloga e María.

### A ESCRITORA

Miren Agur Meabe (Lekeitio, Biscaia, 1962) é licenciada en Filoloxía Vasca. Dedicouse ao ensino durante varios anos, agora realiza manuais escolares de éuscaro e escribe sobre todo poesía e libros para a infancia. É directora de Ediciones de Giltza, integrada no Grupo Edebé. Mereceu varios premios de literatura infantil e xuvenil e entre as súas obras cóntanse dúas recompilacións de poesía, *Oi, del emakaitz del hondarrezko* (1999) e *Azalaren Kodea* (2000), que recibiu o Premio da Crítica Española e foi traducida ao español co título *El código de la piel* (2002). En 2002 acadou o Premio Euskadi de Literatura Infantil y Juvenil pola novela *Itsaslabarreko etxea* (*A casa do acantilado*).

### O ILUSTRADOR

Jokin Mitxelena (Donostia, 1962) cursou Belas Artes en Bilbo, dedicándose logo ao ensino na ikastola de Rentería (1985-1995) e tamén á ilustración para revistas e editoriais en lingua vasca. En 1995 trasladouse á cidade alemá de Coblenza, onde traballa como ilustrador profesional. O seu estilo presenta trazos soltos e de gran realismo. Ten obras publicadas no País Vasco e en Alemaña.

**Título:** *Contos de parvos e pillos, I : contos da tradición oral*


**Escritores:** Xosé Miranda e Antonio Reigosa

**Ilustradora:** Marcela Santorum

**Colección:** Cabalo buligán ; 17

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 61



Nova entrega da colección “Cabalo buligán” que, nesta ocasión, nos ofrece un conxunto de divertidos relatos de corte popular, que se caracterizan por presentar un protagonista e un antagonista e por mostrar moitos deles a un aparente parvo debaixo do cal encontramos un grandísimo pillabán. Entre eles, son de destacar “Xan e Xoana”, un conto no que se contrapón a personalidade activa e decidida dunha muller fronte á actitude de supeditación e torpeza do seu home, incapaz de levar a cabo dun modo correcto algún dos traballos encomendados pola súa muller; “O conto de nunca acabar”, no que un rei se ve na obriga de entregar a súa filla a un mozo que fora capaz de relatar un conto que nunca acabase e que, en realidade, non era outro que a historia do propio rei; e “Ben pode ser” no que tamén un rei lle entrega a filla a un home que conseguiu o seu desenfiteamento. En ambos contos a figura feminina aparece representada como un mero obxecto de transacción ou pagamento dunha actividade masculina, froito dunha sociedade na que a muller é considerada un ben material. Pola contra, nas ilustracións esta temática non se ve refletida, limitándose a un xogo ornamental e simbólico a través de cores e formas planas.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Características dos contos de transmisión oral.
- A muller nos contos de transmisión oral.
- Tipos de contos de transmisión oral.

1. Recompilar, preguntando aos maiores da casa, contos populares e tradicionais semellantes aos lidos, nos que un parvo, ao final, resulta ser o protagonista máis espilido.
2. ¿Como teñen que gañar a vida os protagonistas e as protagonistas destes contos?
3. ¿Despréndese dos contos o papel da muller na sociedade agrícola tradicional? Pediráselles que analicen ese papel e o comparen co das mulleres labregas actuais.
4. Nalgún destes contos, a filla do rei serve de moeda de cambio para algunha das iniciativas de seu pai. ¿Pasa o mesmo cos fillos? ¿Coñecen algún conto no que ocorra esto?

### OS ESCRITORES

Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955) é licenciado en Bioloxía e traballa como profesor no Instituto Xoán Montes de Lugo. Escritor de múltiples rexistros, ten acadado a maior parte dos premios que se conceden en Galicia. En 2000 comezou a publicar libros para o lectorado infantil e xuvenil, entre eles *Lúa e os nubeiros* (2000), *Feitizo* (2001), *O coello Federico e os morodos* (2000), *Ariadna* (2002) e *Pel de lobo* (2002, Premio Merlín). É especialista en literatura de tradición oral. Antonio Reigosa Carreiras (Mondoñedo, 1958) traballa como Guía no Museo Provincial de Lugo. A súa actividade literaria ten sido recoñecida con diferentes premios, entre eles, e no eido da literatura infantil e xuvenil, o Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho (1989) por *O sumidoiro calcarrúas* e o Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil (1998) por *Memorias dun raposo* (1998). Ademais, é autor de traballos de divulgación e investigación relacionados coa historia, a arte, a etnografía e a literatura oral, eido no que cómpre destacar que participou na fundación de Chaira, Grupo de Investigación Etnográfica (Lugo, 1992).

Entre as súas publicacións en común pode destacarse a colección “Cabalo Buligán” (Contos da tradición oral de Galicia) publicada en Xerais de Galicia, da que son codirectores e coautores xunto a Xoán Ramiro Cuba Rodríguez.

### AS ILUSTRADORAS

Marcela Santorum Ardone naceu en 1966 e ilustrou na literatura infantil e xuvenil galega obras como *Cando a serpe mira o paxaro* (1995), de Bernardo Atxaga e *Area Maior* (2001), de Manuel M. Barreiro.

**Título:** *Contos de parvos e pillos, II : contos da tradición oral*

**Escritores:** Xosé Miranda e Antonio Reigosa

**Ilustrador:** Hoa-binh Melgar

**Colección:** Cabalo buligán ; 18

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 65



Segunda entrega de *Contos de parvos e pillos* que manteñen as características dos relatos do primeiro volume, nos que se agocha o riso inxenuo e a burla inocente. Cómpre destacar para este dossier os relatos: “As perdices do convite”, no que un cura e un cazador son burlados por unha astuta muller, que, xunto coa súa comadre, comen as perdices que os homes cazaran; e “Un bicho descoñecido” no que un home e a súa muller enganan o demo para non entregarlle a alma del por un favor que lle fixera, mediante un disfrace que a muller se pon e que representaba un becho que o demo nunca vira. As ilustracións expresivas axudan a complementar a lectura textual a través de imaxes de gran colorido e de formas que xogan coa desproporción.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Características dos contos de transmisión oral.
- A muller nos contos de transmisión oral.
- Tipos de contos de transmisión oral.

1. Hai neste volume algúns contos nos que a muller se presenta como un ser astuto que é quen de enganar tanto ao home coma ao demo. Tentar descubrir algunha historia na que destaque a intelixencia e astucia da protagonista feminina.
2. Nun dos contos, a muller é utilizada polo seu pai como cebo para enganar e obter un beneficio. ¿Esto é cousa dos contos ou tamén sucede no mundo real? Procurar algún anuncio publicitario no que se utilice o corpo da muller como reclamo, analizándoo e propondo alternativas menos discriminatorias e máis respectuosas co ser humano, sexa home ou muller.
3. Propor outros recursos para enganar os protagonistas burlados destes dous relatos.
4. Recompilar algunha versión diferente destes contos.

### OS ESCRITORES

Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955) é licenciado en Bioloxía e traballa como profesor no Instituto Xoán Montes de Lugo. Escritor de múltiples rexistros, ten acadado a maior parte dos premios que se conceden en Galicia. En 2000 comezou a publicar libros para o lectorado infantil e xuvenil, entre eles *Lúa e os nubiros* (2000), *Feitizo* (2001), *O coello Federico e os morodos* (2000), *Ariadna* (2002) e *Pel de lobo* (2002, Premio Merlín). É especialista en literatura de tradición oral. Antonio Reigosa Carreiras (Mondoñedo, 1958) traballa como Guía no Museo Provincial de Lugo. A súa actividade literaria ten sido recoñecida con diferentes premios, entre eles, e no eido da literatura infantil e xuvenil, o Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho (1989) por *O sumidoiro calcarrúas* e o Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil (1998) por *Memorias dun raposo* (1998). Ademais, é autor de traballos de divulgación e investigación relacionados coa historia, a arte, a etnografía e a literatura oral, eido no que cómpre destacar que participou na fundación de Chaira, Grupo de Investigación Etnográfica (Lugo, 1992). Entre as súas publicacións en común pode destacarse a colección “Cabalo Buligán” (Contos da tradición oral de Galicia) publicada en Xerais de Galicia, da que son codirectores e coautores xunto a Xoán Ramiro Cuba Rodríguez.

### AS ILUSTRADORAS

Hoa-binh Melgar é unha artista cubana que ilustrou na literatura infantil e xuvenil *Derradeira carta ós Reis Magos* (2002), de Fina Casalderrey.



**Título:** *O armiño dorme*


**Escritor:** Xosé Antonio Neira Cruz

**Colección:** Costa oeste ; 39

**Editorial:** Galaxia

**Núm. pp.:** 145

**Premio:** Raíña Lupa 2002



Novela protagonizada por Bia de Medici que comeza en 1857, cando se abren as tumbas dos Medici para comprobar o seu estado, feito acompañado da superstición ao lembrar as traxedias que de sempre acompañaron a familia. Unha das últimas campas atopadas contén o corpo dunha moza cun armiño aos pés e cun libro manuscrito, tres séculos antes, coa historia da rapaza en primeira persoa; Bia de Medici, filla ilexítima do duque de Florencia Cosimo I, relata a súa vida dende que se trasladou a vivir ao palacio. O seu destino foi coma o dos contos: o dunha nena que da noite para a mañá se converte en princesa e descobre as súas verdadeiras orixes. Bia, xa de nena, elixe o armiño como destinatario das súas coitas, atraída pola súa beleza e pola natureza destes animais, feros e afoutos como a peor das alimañas, sanguinarios coas súas presas, cariñosos con quen só eles queren, cambiantes como a súa pel. Coma o armiño que a acompaña, Bia vivirá nunha gaiola de ouro, nun paraíso que a agrilloa, xa que ambos senten a falta de liberdade e son animais prisioneiros. Ao longo do relato vai dando conta do seu coñecemento da vida, inserida nos costumes do século XVI, allea ao que sucede fóra do palacio. Nunha estadía en Siena namórase de Giulio, pertencente a unha familia encistada no odio contra Florencia e con el coñece o amor. Mais axiña o pai prepara casamentos para ela e a súa irmá María e obrígaa a aceptar o que o seu destino lle depara, nunha tradición na que nacer muller leva aparelado converterse en peón nas negociacións políticas da familia, xa que os matrimonios selan paces e converten os inimigos en parentes. Debe asumir que parir herdeiros será a súa principal obriga na vida. Bia séntese un monifate movido por fíos alleos xa que non pode elixir. Sente que vivirá unha vida de mentira e que fóra do palacio está o lugar ao que pertence, a vida de seu e o amor que ela elixiu e identificase co armiño nas mans do seu dono, xa que ten que renunciar aos seus sentimentos. Conclúe a historia o relato do fado negro que se estendeu arredor desta familia, incluída Bia, que morreu nova e quizais envenenada. A súa memoria consérvase nas coplas que se cantan co gallo da celebración do Palio de Siena.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Supeditación da muller aos designios familiares (honra e matrimonios de conveniencia).
- O concepto de muller no pasado: o aspecto físico, o comportamento e a educación.
- A falla de liberdade e as posibles saídas para as mulleres: o matrimonio ou o convento.

1. Buscar información sobre outras obras literarias nas que aparezan os temas dos amores imposíbeis (*Romeo e Xulieta*, *A Celestina*, *West Side Story*) e dos matrimonios concertados (*El sí de las niñas*). Estabelecer un diálogo sobre a diferenza en épocas antigas entre amor e matrimonio e os matrimonios concertados.
2. Buscar información sobre as distintas culturas nas que aínda se concertan os matrimonios.
3. Bianca de Medici protagoniza algúns momentos de liberdade na novela. Despois de buscalos determinar cáles son os castigos inflixidos a Bianca e reflexionar sobre as repercusións actuais nas mulleres que deciden exercer a súa liberdade.
4. Na novela hai multitude de personaxes femininas. Todas elas aparecen perfectamente caracterizadas na obra polo seu comportamento, os seus parlamentos... Propoñeráse ao grupo unha posta en común sobre os trazos que representan a cada unha das personaxes e a súa relación con tópicos actuais: a muller doce, a perversa, a cobizosa, a sensíbel...

### O ESCRITOR

Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) é escritor, xornalista e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago. Deuse a coñecer como narrador en 1988, ano no que acadou o Premio Merlín con *Ó outro lado do sumidoiro*. Dende entón ten no seu haber múltiples galardóns con obras como *Valdemuller* (Premio O Barco de Vapor 1997, 1998); *Os ollos do tangaleirón* (Premio O Barco de Vapor 1999, 2000); *As cousas claras* (Premio Merlín 2000, 2001). É tamén director da revista *Fadamorgana*, especializada en literatura infantil e xuvenil e dende o ano 2000 membro do comité executivo do IBBY. Entre outras obras publicou: *Melanio e os paxaros* (1991), *Así viviu Ánxel Fole* (1997), *Así viviu Castela* (1997), *Así viviu Paio G. Chariño* (1997), *Así viviu Rosalía* (1997), *As porcas porquiñas* (1997, 2002), *Caramelos Martín Codax* (1998), *María está a pintar o mar* (1998, 2001), *Rumbo á illa de San Simón* (1998), *O xenio do sultán* (1998), *Xograr Cangas e asociados* (1998), *A memoria das árbores* (2000), *A caixa do tesouro* (2001) e *O home máis rico do mundo* (2001).

**Título:** *Camposanto*

**Escritora:** Fátima Peón Torres

**Colección:** Nova 33 ; 27

**Editorial:** Fundación Caixa Galicia

**Núm. pp.:** 151

**Premio:** Rúa Nova de Narracións Xuvenís 2003



Esta novela xira arredor da forte relación de amizade que manteñen dende nenas dúas rapazas, Lea e Sofía, por teren compartido as vivencias infantís de veráns inesquecíveis na aldea dos seus pais, Liar, a amizade con Alberto, un rapaz da aldea, e os cambios propios da adolescencia. De sempre compartiron os seus problemas, especialmente a partir do momento no que a nai de Sofía abandonou a familia para marchar con outro home. Daquela Sofía tivo que se facer cargo do coidado do seu irmán Marcos, con apenas un ano, e axiña comezou a recibir os malos tratos do seu pai, feito mantido en segredo mesmo ante Lea. Sofía descobre deste xeito tan dramático por qué a nai decidiu fuxir do seu marido alcohólico, vive entre sentimentos confusos e mesmo ás veces chega a comprendela. Lea, allea a todos estes problemas, intenta apoiar a Sofía e coidar de Marcos, polo que sente devoción. Ademais Lea, pola súa parte, vive unha situación familiar complicada: a súa avoa, que vive con eles, sofre de párkinson e perdas de memoria e é a súa nai a encargada de coidala. A preparación da selectividade, a vida no instituto, a súa relación cos rapaces, os contactos co alcohol e as drogas nas saídas das fins de semana, o seu compromiso coa cultura galega son outras das súas principais preocupacións. A estreita amizade entre as rapazas, nalgúns momentos cuestionada baixo a sospeita de seren lesbianas, rómpese cando Sofía é vítima dunha agresión sexual, por parte de seu pai, que a leva a emborracharse, drogarse, manter relacións sexuais á vista da xente e a enfrontarse con Lea cando esta a acusa de ter deixado só a Marcos. Ao tempo, Lea sabe pola súa nai que o seu grande amigo de Liar, Alberto, morreu nun accidente de moto e estes feitos rómpenlle o corazón e fan que intente suicidarse. Pasados uns meses de distanciamento, reencóntranse en Liar e retoman a amizade. Sofía superou o seu medo e denunciou o seu pai e Lea afronta de novo a vida, de xeito que vivirán xuntas o seu vello soño de estudar a carreira en Santiago de Compostela.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- O coidado dos diferentes membros da familia.
- Malos tratos aos fisicamente máis débiles: mulleres e nenos.
- Agresións sexuais.
- Outras sexualidades (lesbianismo...).

1. Realizar un debate en torno aos malos tratos e á violencia de xénero, poñendo especial atención en descubrir pegadas deste tipo de comportamento no medio máis próximo como pode ser o centro.
2. Observar a forma de ser das personaxes femininas desta novela.
3. Buscar na prensa e outros medios de comunicación noticias sobre agresións sexuais e malos tratos en xeral. Convocar un concurso, para deseñar un cartel publicitario, que axude ás vítimas de malos tratos a rematar co seu silencio.
4. Elaborar unha listaxe, nunha columna colocaranse as persoas, coñecidas, que necesitan coidados e enfrente, na outra, aquelas que llelos prestan. Observarase cal é o sexo das persoas coidadoras. Rematarase reflexionando sobre os coidados que cada un deles presta.
5. Barómetro de valores: a homosexualidade. Quen participe debe pronunciarse a favor ou en contra das proposicións que se marquen, tomando posicións arredor dese xuízo de valor. Exemplo: “Homosexuais e heterosexuais teñen exactamente os mesmos dereitos”, “Non quero que me dea clase un maricón”..

### A ESCRITORA

Fátima Peón Torres (Lourizán, Pontevedra, 1985) estuda Xornalismo na Universidade Complutense de Madrid. Dende ben nova acadou diferentes premios no certame “Ben Veñas Maio”, nas modalidades de relato curto e poesía, o “Manolo Lado” que convoca o Instituto Alfredo Brañas de Carballo; e os Premios Minerva do Colexio Peleteiro de Compostela. Interesada tamén no cine e o teatro, formouse na interpretación na Aula Municipal de Teatro de Pontevedra e no Festiclown de Galicia, actuando en diversas obras e curtametraxes. En 2002 escribiu e dirixiu a obra *Sempre nos quedará París*. Con *Camposanto* mereceu o Premio Rúa Nova de Narracións Xuvenís 2003, no que xa recibira na edición anterior unha mención do xurado co texto *Trinta de novembro*.


**Título:** *O segredo da Pedra Figueira*

**Escritora:** María Xosé Queizán

**Colección:** Fóra de xogo ; 69

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 112



Nesta novela recréase a viaxe da tribo dos Amala, dende as terras do norte ao pé da cidade de Findasol, para afastarse das bestas invasoras e levantar o seu novo poboado. Esta aventurosa travesía serviralle á avoa Sensatanai, posuídora da sabedoría da vida, para iniciar a súa neta Lazo no coñecemento de si mesma e da humanidade, servíndose tanto dos feitos acaecidos na viaxe coma das lendas e historias narradas pertencentes á tradición universal e galega. Esa formación capacita a Lazo para que poida conxugar razón e sentimentos dun modo equilibrado e sexa quen de rexeitar ser a custodiante da Pedra Figueira, que era a primeira pedra do mundo e a mantedora da palabra e da verdade. A opción elixida por Lazo está en levar unha vida coma o do resto dos membros da súa xente, entre as que está a súa nai, unha muller na que se conxuga un rol tradicionalmente adxudicado ao home, polo feito de ser guerreira, con outro que é a ternura, máis vinculado ao feminino. Trátase dunha novela de aventuras e iniciática na que predomina o contido feminino e que, á súa vez, está artellada por medio dunha linguaxe e recursos feministas. Tamén resulta ser unha parábola contra o poder tan ansiado polos homes.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Novela iniciática.
- Características máis salientábeis do feminismo.
- Mitoloxía universal e galega.

1. Descubrir nos textos as referencias á mitoloxía galega, facer con elas unha listaxe.
2. Destaca a obra porque nela se lles atribúen roles propios do sexo masculino ás mulleres. Tentar buscar algúns exemplos disto.
3. Características das narracións iniciáticas. Buscar outras na literatura infantil e xuvenil galega.
4. A relación entre a avoa e a nena mostra unha transmisión de saberes na familia (e na tribu) pola vía feminina. Pedirémolle ao grupo que conte como é (ou foi) a relación coas súas avoas ou que recorden outras obras artísticas nas que se mostre esa mesma relación familiar cos seus valores.
5. A novela está repleta de personaxes femininas que pertencen á tradición ou á mitoloxía. O grupo deberá buscar información sobre as donas, as amazonas, as sabias, as mulleres lobas...
6. Estabelecer un diálogo no que se discuta sobre a necesidade de reivindicar a nosa escola persoal.

### A ESCRITORA

María Xosé Queizán (Vigo, 1939) é Catedrática de Lingua e Literatura galegas e inaugurouse como novelista coa obra *A orella no buraco* (1965), á que lle seguen *A semellanza* (1977), *Amantía* (1984), *O segredo da Pedra Figueira* (1986), *Amor de tango* (1992) e *O solpor da cupletista* (1995). É autora das pezas teatrais *Antígona, a forza do sangue* (1989) e *Parados* (1998), e dos poemarios *Metáfora da metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993) e *Fora de min* (1995), así como de diversos ensaios, entre os que se poden citar *A muller en Galicia* (1977), *Marxismo e feminismo* (1995) e *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal* (1998). O seu gusto polo teatro alentouna a desempeñar diferentes funcións no Teatro de Arte e Ensaio da Asociación da Prensa de Vigo, no Teatro Popular Galego e no Grupo Teatral Feministas Independientes Galegas (FIGA). Así mesmo, a súa relación co feminismo levouna a publicar ensaios, organizar actividades e fundar a revista *A festa da palabra silenciada*.

**Título:** *Phisax : habitante de igualdade*

**Aportación en textos:** M<sup>a</sup> Isabel Trigo Cotelo

**Ilustrador:** Manuel Rajal Fernández

**Editorial:** Xunta de Galicia. Servizo Galego de Igualdade

**Núm. pp.:** 48



Este volume que se distribuíu con motivo do Día Internacional dos Dereitos da Muller a todos os centros de ensino primario, estrutúrase en dous grandes bloques nos que se recollen cinco pequenas historias en cada un deles. Nelas relátanse as diferentes actividades e peripecias vividas por Phisax, un habitante do planeta Igualdade, que na súa viaxe intergaláctica chega á Terra na procura dunha "larpeirada espacial", pasta dentífrica. Desde a súa pote-aeronave contacta con María, unha terrícola de oito anos, con quen trabará amizade. Phisax observará con curiosidade a familia de María e a súa banda: cómo viven e cómo se corresponsabilizan das tarefas domésticas. Vai aprendendo algúns costumes: horarios, hixiene, alimentación, estudos, divertimentos, xogos, enredos... e sorprenderase de que nenas e nenos, sendo tan diferentes, ao mesmo tempo sexan tan iguais nos seus intereses. O simpático extraterrestre terá a oportunidade de reflexionar sobre a tolerancia no trato cos demais. Tamén observará que existen persoas en risco de seren excluídas na sociedade. Este cómic e as fichas de traballo que o acompañan pretenden dar unha visión ao alumnado de que a sociedade debe ser xusta e igualitaria e debe ofertar as mesmas opcións a todos os seus membros con independencia do seu sexo. Realízase co fin de que o profesorado teña clara ocasión de traballar a necesidade da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e favorecer a reflexión sobre os valores que se formulan en defensa do papel da muller na sociedade occidental, entre eles o principio de tolerancia cero en materia de violencia de xénero. As bandas debuxadas amplian visualmente o ambiente de igualdade entre homes e mulleres, caracterizados cada un cos seus trazos, compartindo roles e dando pé a debates de grande interese.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- A igualdade de oportunidades para homes e mulleres como ideal ao que tender.
- Ónde e cómo se nota a discriminación das mulleres (cargos de responsabilidade, o reparto do traballo doméstico e coidado do outro, o tratamento que se lle dá a muller nos medios de comunicación...).
- Os roles ou papeis que parecen correspondernos en base ao sexo (profesións, xogos, deportes...).
- Os estereotipos ou ideas prefixadas respecto ás mulleres e aos homes (coidado e presenza física, mostras afectivas, homes prácticos / mulleres sensíbeis, mulleres guapas / homes fortes...).
- Valores como a igualdade, o respecto á natureza, a solidariedade, a paz, o consumo responsábel, a convivencia de rapaces e rapazas de diferente orixe...

Por ser esta unha obra destinada a traballar distintos aspectos relacionados coa igualdade, as temáticas clave son amplas e para cada unha delas xa se propoñen actividades por parte das persoas creadoras.

### APORTACIÓN EN TEXTOS

M<sup>a</sup> Isabel Trigo Cotelo ingresou no corpo de mestras e mestres no ano 1994. Actualmente imparte clases de francés no CPI Cabo da Área en Laxe.

### O ILUSTRADOR

Manuel Rajal Fernández naceu en 1951 e é mestre do Colexio Sofía Casanova de Vilaboa, Culleredo. É autor de *Cómic, aplicacións e estratexias* (1998), unha obra didáctica que explica a narrativa da banda deseñada.



**Título:** *A festa da Neves*

**Escritora:** Margarita Sánchez Roldán

**Tradutor:** Anxo Franco

**Colección:** Tren das cores

**Editorial:** Embora

**Num. pp.:** 109



Peza de teatro estruturada en oito escenas, un prólogo e un epílogo, na que a acción se sitúa nun lugar chamado Vilanova de Sousa. A trama xira arredor da presión que Xacinto, o alcalde da vila, exerce, instigado pola súa muller, sobre unha anciá, Neves, e a súa neta, Mónica, para que lle vendan a casa e os terreos por moito menos do que custan, tencionando especular con eles e construír un gran centro comercial. A principal responsábel deste enfrontamento é a dona do alcalde, Sara, unha muller frívola, ambiciosa e sen escrúpulos, que só pensa en comer hamburguesas e mercar roupa en tendas de moda. Fronte a este prototipo feminino aparecen outras figuras como Mónica, a neta de Neves, que se nega a ser botada da súa casa e está decidida a loitar e facerlle fronte ao alcalde, arrastrando con ela os demais compañeiros da banda de música na que toca. Do mesmo xeito, a presenza dun matrimonio mozo formado por un avogado e unha procuradora que chegan á vila buscando unha vida máis tranquila, leva a que as amigas da anciá e ela mesma se esforcen por loitar contra a inxustiza que se comete con ela, abandonando a súa actitude pasiva inicial. A unión de todas elas vence o alcalde ao descubrir a súa trama e fai que dende ese momento as cousas muden, pois todos os veciños participan nas decisións que atinxen ao desenvolvemento da súa vila. Para conmemorar este cambio celebran cada ano “a festa da Neves”, coa que lembran que se todos toman parte activa na súa colectividade as cousas melloran.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Os abusos do poder.
- A participación cidadá e a defensa dos dereitos cidadáns.
- Recordar profesións non desempeñadas tradicionalmente polas mulleres.

1. Buscar trazos definitorios das mulleres que participan na peza.
2. Representar en grupos aquelas pasaxes da peza nas que se contrapoñen as diferentes personalidades femininas.
3. Debater sobre os abusos de poder e a resposta das persoas afectadas seguindo a obra.
4. Qué tipo de peza de teatro é esta. Facer unha listaxe cos tipos e características de cada un e ver cáles foron máis usadas para achegarse, aínda que fora lixeiramente, á consideración da muller.
5. Buscar exemplos de mulleres que desempeñen postos que ata hai pouco eran tradicionalmente desempeñados por homes.
6. Facer un panel cos traballos que lles gustaría realizar ás mozas do grupo e os que lles gustaría aos mozos. Comparación e reflexión.

### A ESCRITORA

Margarita Sánchez Roldán (Madrid, 1962) é actriz, autora e adaptadora teatral. Ten escrito máis de vinte obras, entre elas *Búscame en Hono-Lulu* (accésit do Premio Marqués de Bradomín 1989), *La misteriosa venganza de Thomas Kraus*, *Sobre ascuas*, *Hormigas sin fronteras* (Finalista dos Premios Max 1998), *Cuentos de papel* (Finalista dos Premios Max 1998) e *El lenguaje de las abejas*. Dende 1980 ten participado en máis de vinte montaxes teatrais, curtametraxes e longametraxes.

**Título:** *Pol&Cía : na cidade do revés*

**Ilustradores:** Kiko da Silva e Miguel Robledo

**Editorial:** Xunta de Galicia

**Núm. pp.:** 19



Banda deseñada que ten como protagonistas a Cía e Pol. Nela, estes dous personaxes dispóñense a organizar as súas vacacións e escoller o lugar ao que poden ir, pero nese momento descubren que na cidade a xente fai todo ao revés: os coches circulan pola beirarrúa, os peóns pola calzada, etc. Terán que arranxar todo o funcionamento da cidade antes de poderen marchar de vacacións, polo que os superpolis porán mans á obra. Descubren un cerebro tirado na rúa e Cía sospeita que o seu dono debe ser o culpábel da desfeita que hai na cidade. Ela e Pol deciden colocarlle o cerebro a Malfeito no seu sitio e mentres Pol corre tras del, Cía vai en busca do coche de policía. Cando Cía recolle a Pol no coche xa este está canso de tanto correr detrás de Malfeito sen conseguir detelo. A muller policía amósase máis espilida que Pol á hora de recoñecer os enganos de Malfeito e é ela a que, grazas a unha frase de Pol, ten a idea de coller a Malfeito simplemente agardando no coche. Pol inquiétase de estar tanto tempo sentado no coche, pois non sabe a qué están agardando, pero Cía pídelles paciencia. Ao final volven ver a Malfeito e Cía, desde o coche, ofrécelle caramelos que Malfeito acepta con gusto. Como Cía lle di que ten máis no coche, Malfeito métese dentro e Pol devólvelle o seu cerebro. Resolto o problema, os superpolis xa poden ir de vacacións, pero antes Pol preguntalle a Cía cómo soubo que Malfeito subiría no coche. A resposta para Cía é elemental: Malfeito sempre fai o que non se debe facer e neste caso subiu ao coche dunha persoa descoñecida. As viñetas sitúannos no contexto da obra, mostrándonos as e os personaxes e os seus caracteres a través de trazos e comportamentos.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- A educación vial.
- Características dos relatos detectivescos.
- Repaso de profesións non desempeñadas tradicionalmente por mulleres.

1. Facer unha listaxe das normas de educación vial que son infrinxidas neste cómic.
2. Por grupos, observar no contorno as actitudes das persoas e logo debater sobre elas.
3. Buscar outros relatos detectivescos protagonizados por mulleres e comparalos con este. Por exemplo *No nome da amada morta*, *Un misterio para Simón* ou calquera outro título da serie.

### ESCRITORES / ILUSTRADORES

Kiko da Silva, nome artístico de Francisco Javier da Silva Irago (Vigo, 1979), é debuxante, ilustrador e caricaturista. É colaborador de *La Voz de Galicia* nas edicións de Vigo e Pontevedra. Colaborou tamén na revista *Golfiño*. Dedicase ao deseño e á ilustración de obras infantís e xuvenís, entre elas as que se encontran en *Laia, a nena da illa* (1998), *O cumpreanos do rei Pericón* (1998), *Martiño* (1999), *A verdadeira historia do pirata Xocas* (1999), *¡Vaiche boa!* (1999), *A memoria das árbores* (2000), *O bebé máxico* (2000), *Moncho e a mancha* (2001), volume para o que tamén fixo o texto, *Rato de campo e rato de cidade* (2003) ou *O trasno da Catedral de Santiago* (2003). Entre os seus galardóns poden citarse o 1º Premio no XII Concurso Galego de Banda Deseñada-Xuventude 96 e Premio de Honor no Concurso Internacional de Humor Gráfico de Oporto (Porto CARTOON 1999-2000), entre outros.

Miguel Robledo (Ourense, 1978) comezou en 1988 publicando na revista *Citania*, participou no *Frente Comixario* e nos fanzines *Lendia Prea* e *Gor e Nar*. Colaborou no xornal *La Región* e realizou traballos para publicidade e cinema documental. Un dos seus traballos máis destacados foi a realización dos debuxos para o CD-ROM *Galingua*. Asinou a serie "A escola de Vilaverzas" para a revista *Golfiño*. En colaboración con Kiko da Silva realizou o cómic *Maiópolis*. Tamén fixo incursións no campo de 3D co proxecto animado *As aventuras de Ventura*. Recibiu o Premio Ourense 1994 ao mellor autor afeccionado por *O anel encantado*; o Premio Ourense 1995 á mellor iniciativa, pola serie "A familia perpetua" (en *La Región*), xunto con Héitor Real e Miguel Anxo Carvalho; o 1º premio no IX Concurso Galego de BD 1993 por *Estades mortos* e o 3º no XI Concurso Galego de Banda Deseñada Xuventude 95 por *Si, claro...*

**Título:** *Korazón de Pararraios*

**Escritor:** Andreu Sotorra

**Ilustradora:** Núria Giralt

**Tradutora:** Iria García Silva

**Colección:** Tucán ; 34. Serie verde

**Editorial:** Rodeira

**Núm. pp.:** 109

**Premio:** Edebé de Literatura Infantil



Novela protagonizada por Lúa, unha rapaza chinesa adoptada cando aínda era un bebé, estruturada en catro capítulos. Nela a protagonista narra como é a súa relación coa familia que a adoptou, especialmente co seu irmán Marcos, a quen cariñosamente chama Korazón de Pararraios desde a época na que este foi okupa. Ese é o nome que lle dá o título á obra. Lúa, que é a quen Marcos lle confía os seus segredos, dá conta de cómo lle van mudando os sentimentos cara a este. Ela reconécese namorada de Korazón de Pararraios, mais a chegada de Mar, unha muller moi guapa, “por riba doutora” como seu irmán e con competencia “como mínimo en todo o distrito”, fai que aprenda a querelo como seu irmán máis vello que é, sobre todo despois de que ambos os dous, médica e médico sen fronteiras marchen xuntos a África para traballar para unha ONG. Salientan as profesións compartidas polos homes e mulleres e a beleza, agora non só identificadora da muller como obxecto. Por medio de trazos con gran dinamismo, as ilustracións transmiten un contorno actual especialmente observábel na vestimenta, nas posturas corporais e na descrición de espazos, que o aproxima ao lectorado ao que vai dirixido.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Problemática das adopcións e as relacións familiares.
- A inmigración e a súa integración.
- O voluntariado e as súas funcións.

1. Debater sobre a adopción e os problemas culturais aos que esta da lugar.
2. Buscar en Internet ONGs nas que participan as mulleres e describir que actividades realizan nelas.
3. Buscar e comparar esta obra con outras que tratan a adopción e a acollida de inmigrantes, por exemplo *A serea do deserto*.

### O ESCRITOR

Andreu Sotorra (Reus, Tarragona, 1950) é escritor, periodista e crítico literario. Actualmente reside en Barcelona. Ten publicados vinte e cinco libros en lingua catalá polos que obtivo diferentes premios como o Vaixell de Vapor, o Lola Anglada en 1992 ou o Cavall Fort (1979). As súas obras están traducidas ao italiano, castelán, galego e eúscaro. É pioneiro na publicación en catalán de novelas en soporte dixital. Destaca tamén como periodista cultural de prensa escrita e radio, especializado na área do teatro e crítica literaria.

### A ILUSTRADORA

Núria Giralt i Clausells (Barcelona, 1958) estudou na Escola "Llotja", especialidade en pintura mural e fixo un curso de ilustración na escola "Massana". Ten ilustrado, entre outros, *L'Àvia i jo* (1991), *A de cocodril* (1993), *El lleó i les mosques* (1994), *Quadern Lectoescriptura* (1995), *Viatge a L'interior del fred* (1995), *El virolet de gràcia* (1996) ou *Vida de perro* (1996).


**Título:** *¿Pista ou peste?*

**Escritor:** Manuel Daniel Varela Buxán

**Colección:** A pinguela : teatro escolar ; 12

**Editorial:** Fervenza

**Num. pp.:** 29



Desenvólvese esta peza nunha casa labrega, na que se discute a conveniencia ou non de construír unha pista que comunique a aldea coa vila. Na obra aparecen cinco mulleres e cinco homes, con posturas enfrontadas pola desconfianza, que van mudando ata o acordo final. A caracterización feminina pon de manifesto a visión tradicional da muller rural galega, na que o contrapunto é a dona do alcalde, Xanela, mesmo xa no nome, posto que as outras catro mulleres aparecen denominadas todas co nome de Manuela, só diferenciado polo locativo “de Outeiro”, “do Cabo”, “de Riba” e “de Baixo”. Do mesmo xeito, tamén se establecen as diferenzas no trato, pois mentres o alcalde, Tiburcio, trata a súa dona con respecto, os outros catro homes enfróntanse abertamente con elas, ameázanas e tanto uns coma as outras tentan aparentar o dominio da parella.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Violencia de xénero.
- Estereotipos da muller rural galega.
- Sociedade galega na década dos cincuenta.

1. Comparar a relación alcaldía-cidadanía no tempo da obra co actual.
2. Representar unha das escenas na que estean máis marcadas as características da muller galega.
3. Buscar en Internet os feitos máis salientábeis ocorridos en Galicia e a consideración da muller na década dos cincuenta.
4. Explicar o porqué das diferenzas nos nomes de mulleres entre a cidade e o rural.
5. Reflexionar sobre o ambiente creado na obra en canto á relación home/muller.
6. Facer unha listaxe de actividades que realizaban as mulleres do rural e outra coas que se realizaban na cidade. Debate.

### O ESCRITOR

Manuel Daniel Varela Buxán (San Verísimo de Lamas-A Estrada, 1909-Lalín, 1986) foi un prolífico dramaturgo galego que dende moi novo desenvolveu o seu labor na emigración arxentina, especialmente vinculado á Compañía Galega Maruxa Villanueva, coa que na década dos corenta estreou abondosas obras dramáticas. De volta a Galicia en 1950, ademais de facer estudos de medicina, comeza a representación dalgunha das súas obras e en 1975 publica *O ferreiro de Santán*. *Taberna sin dono*, á que seguirían *A xustiza dun mariñeiro* (1977) e *O cego de Fornelos e outras comedias curtas, diálogos e monólogos* (1981), volume no que está incluído *Pista ou peste*, así como *Triste chegada*, *Os casados de pouco*, *Meu pai* ou *Salaos dun vello labrego*, todas elas representadas en numerosas ocasións por grupos de teatro galego.



**Título:** *Anamarciana, vacacións en Europa*


**Escritor:** Alberto Varela Ferreiro

**Ilustrador:** Alberto Varela Ferreiro

**Colección:** Merlín ; 131. De 7 anos en diante

**Editorial:** Xerais de Galicia

**Núm. pp.:** 47



Nova entrega das aventuras protagonizadas pola extraterrestre Anamarciana. Seguindo a liña marcada na primeira entrega, agora neste volume dedicado aos nenos e nenas da Costa da Morte, a protagonista narra en primeira persoa as súas vacacións, durante as que realiza unha viaxe a Europa, o satélite xeadado do Planeta Xúpiter, acompañada da súa familia e mesmo da súa vaca Lolaescaiflai e unhas amigas desta. Este relato, que xoga coa intertextualidade dalgúns clásicos, caracterízase polo seu marcado carácter didáctico, no que a protagonista explica a ruta que segue cara á Vía Láctea, as características que teñen aqueles planetas polos que pasa ou os obxectos que precisa para vivir de xeito seguro as súas vacacións. As ilustracións recrean o espazo da narración e aumentan información. Entre quen aparece na obra, destaca a protagonista con trazos femininos e moi dinámicos, que lle confiren un papel moi activo na historia, posto que Anamarciana encarna un espírito inquieto que transmite o seu coñecemento do medio no que se move, achegándolle ao lectorado moita información sobre o universo de xeito ameno e divertido, aínda que a linguaxe empregada utiliza por veces só o masculino.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Estrutura das familias e a relación coas amizades.
- O dereito ás vacacións para todos e para todas.
- A linguaxe non sexista.

1. Facer unha redacción na que se anote: ¿Quen é a protagonista da historia?, ¿Quen conta a historia?, ¿Que accións realiza a protagonista?, ¿Por que as fai? Lelas e comentalas.
2. O propio texto: “Todo habitante do Universo ten dereito a unhas vacacións, uns momentos de lecer, un cambio de ións...” Suxerir un diálogo sobre o dereito ás vacacións de todos os membros da familia a partir das formas de vivirlas en cada caso (¿quen fai a maleta?, ¿quen decide o destino?, ¿quen conduce?...), e quen realiza os traballos necesarios para que a vida continúe en vacacións. O/a mediador/a introducirá o concepto de xustiza, no reparto igualitario do traballo doméstico e o dereito ao descanso.
3. Debuxar un itinerario dunhas supostas vacacións familiares nun mapa explicando as controversias que se poidan dar entre os diferentes membros.
4. O autor na dedicatoria di: “Para todas as nenas e os nenos da Costa da Morte. O voso mar é o máis vivo de toda a Galaxia”. Chamar a atención sobre a dedicatoria, promovendo un debate sobre o uso non sexista da linguaxe.

### O ESCRITOR E ILUSTRADOR

Alberto Varela Ferreiro (Carballo, 1963) é Licenciado en Belas Artes, especialidade Deseño, pola Universidade de Barcelona. Debuxante e deseñador, traballa na Televisión de Galicia realizando labores de infografía, animación 2-D, posproduccións e cabeceiras de programas. Ten participado en exposicións colectivas internacionais e colabora en distintas publicacións. Aficionado ao cómic dende moi novo, participou na revista barcelonesa *Taka de Tinta* e en *Golfiño* coa serie protagonizada por Xeixas Johnson, publicada en edición electrónica na súa páxina web, a primeira dedicada á banda deseñada en Galicia, Ameixa Cómic, onde se pode ver unha ampla mostra da súa obra. Na literatura infantil e xuvenil estreouse con *Anamarciana* (2000).

**Título:** *A miña planta de laranxa lima*

**Escritor:** José Mauro de Vasconcelos

**Tradutora:** M<sup>a</sup> Isabel Cornes Ríos

**Ilustrador:** Fernando Alonso Andújar

**Editorial:** Primerapersona

**Núm. pp.:** 241



Volume dividido editorialmente en dúas partes que constan, á súa vez, de cinco e nove capítulos encabezados por cadanseu título, ao longo dos cales a voz narrativa en primeira persoa do protagonista lle relata a súa infancia agridoce ao Portuga, un grande amigo que lle deixara unha forte pegada por ensinarlle e facerlle sentir a tenrura da vida. O protagonista, Zezé, é un rapaciño brasileiro de cinco anos de idade, inquieto e dotado dunha imaxinación sorprendente, que forma parte dunha familia que non pasa polos seus mellores momentos. O pai está a vivir unha mala tempada por quedar sen emprego e a nai, as irmás e o propio Zezé vense na obriga de se pór a traballar e de trasladarse a unha casa máis modesta, que ten no seu xardín unha planta de laranxa lima, á que Zezé chama Xururuca e coa que vai compartir as súas vivencias e soños. Pese a vivir nunha precaria situación, mitiga parte das súas carencias materiais cos xogos da súa imaxinación, coa devoción que sente cara á súa nai, que se entrega totalmente ao traballo para soste a súa familia, e coa dozura e comprensión da súa irmá Gloria. A súa infancia vai ir transcorrendo coas súas visitas ao tío Edmundo, que lle explica moitos dos seus interrogantes sobre a vida, o coidado do seu irmán máis novo, o seu paso pola escola e moitas das súas trasnadas, que o farán merecedor de castigos e tundas por parte do seu pai, que o van danar física e mentalmente. A aparición na súa vida do portugués Manuel Valadares vai lle proporcionar o coidado, tenrura e comprensión dos que a miúdo estaba privado na súa casa, aínda que un accidente mortal o privará da súa presenza, o que lle provoca un desfalecemento e unha boa tempada de convalecencia, ao longo da cal vai contar con máis atención e afecto da súa familia, especialmente de Gloria, pero tamén sufrirá a perda da súa inocencia e imaxinación.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS

- O traballo infantil.
- Os malos tratos na infancia.
- A pobreza e cómo afecta ás mulleres.

1. Propoñeráse ao grupo un debate sobre o traballo infantil, tal e como aparece reflectido no texto, e unha pequena investigación sobre a situación actual: lexislación na Unión Europea, lexislación a nivel internacional, campañas internacionais en contra do traballo infantil...
2. Escribir unha carta a unha multinacional das que comercializa obxectos fabricados por empresas que empregan traballadores e traballadoras infantís, manifestando o seu parecer sobre estes feitos e as súas alternativas.
3. Zezé é un rapaz inquieto que a miúdo é castigado polas súas actuacións. Pediráselles que escollan algunha delas e valoren a xustiza ou non do castigo que se lle impuxo.
4. Pediráselles unha análise da influencia que os golpes e as opinións negativas teñen na forma de actuar de Zezé e unha valoración sobre as repercusións que os malos tratos poden ter na forma de ser e actuar dunha persoa segundo vai medrando.
5. Ao longo da historia pode verse cómo afecta a pobreza ás mulleres da familia. Falar sobre esta temática e ampliar a análise ás familias con dificultades do seu contexto, imaxinando solucións posíbeis.

### O ESCRITOR

José Mauro de Vasconcelos (Bangú, Río de Xaneiro, 1920-1984). De orixe india e portuguesa, foi un escritor moi popular no Brasil. Exerceu diversos oficios antes de comezar a viaxar, a coñecer o seu país e a interpretalo. Convivindo cos indios aprendeu historias e tradicións, acumulando experiencias que logo soubo volcar nas súas historias. Escribiu tres libros destinados á infancia e á adolescencia.

### O ILUSTRADOR

Fernando Alonso Andújar (Madrid, 1972) cursou estudos de Deseño Gráfico na Escola de Comunicación Gráfica de Madrid. Compaxina os sus estudos con colaboracións como ilustrador para o estudo do seu irmán Juan Ramón Alonso, tamén ilustrador. Entre os libros infantís e xuvenís que ilustrou pódense citar *Aprendo a leer y escribir* (1992) ou *Tres monedas de un penique* (1995).


**Título:** *Crónica de Ofiusa*

**Escritor:** Francisco Vázquez Chantada

**Colección:** Doce x vintedous

**Editorial:** Sotelo Blanco

**Núm. pp.:** 164



Relato de aventuras de corte épico centrado nunha viaxe iniciática, ambientado nunha época mítica e no que destaca a simboloxía arredor da historia de Galicia. Ando, o protagonista, tras superar unha serie de probas durante a súa infancia e tras ser adestrado polo seu avó en diferentes saberes, emprende unha viaxe, deixando atrás a súa infancia e parte na procura de Ofiusa, co obxecto de liberar a súa terra, sometida polo imperio de Non Fal, da imposición dunha cultura, unha lingua e unha nova orde social. Ao longo da viaxe coñece a Axe, un guliare co que trabala amizade, que co seu sentido do humor e a súa vida errante, lle aprende a se enfrontar aos perigos dos camiños con astucia. No palacio de Nove Lúas, Ando coñece os poderes e a sabedoría ancestrais que permanecen agochados neste territorio de resistencia e que se transmiten oralmente de xeración en xeración. Nesta sociedade que vive agochada, as mulleres desempeñan un papel moi importante. O seu primeiro contacto prodúcese con Dozinda, unha das conteiras do palacio, que lle presenta o desafío de abrir unha pedra abrideira e ensínalle cómo facelo. Dozinda é unha nena duns catro anos, resabida e habelenciosa no seu contacto coa natureza e, ademais, boa coñecedora do seu oficio. É a encargada de explicarlle que as nenas conteiras son a memoria indestrutíbel do país. No interior do palacio moreas de doncelas pululan polas súas galerías, desempeñando os oficios básicos desta comunidade tan singular. As máis varudas fan armas e outras son guerreiras. Danlles forma aos arcos mentres penduran a secar nas traves de madeira dun pendello raíces de ermizul, veneno mortal para untar as frechas que elaboran case un cento de obreiras, un laborioso e importante traballo, e unha vez que están rematadas gravan nelas, recubertas de tintura ou pan de ouro, os signos, as palabras, a dourada memoria que as conteiras saben. As máis habelenciosas fan labores de ourivería, dándolle forma á prata e ao ouro sobre metal duro, repuxando pezas para que os homes de Ofiusa luzan co ferro frío serpes gravadas, labirintos de creación contra as mañas e os enganados de Non Fal. Entre elas está Queade, xunto á que Ando vive a súa primeira experiencia sexual e o aflorar dos sentimentos. Na psicoloxía de Ando introdúcense elementos propios da crise adolescente, como a soidade, o sexo e a morte, estes últimos evitados en case todas as novelas de corte épico e fundamentais para a maduración do personaxe.

## SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS:

- As mulleres como preservadoras da tradición.
- O traballo silencioso das mulleres.
- Seres mitolóxicos femininos.

1. Organizados en grupos, buscar os fragmentos do libro nos que aparezan recollidas estas temáticas claves, para poder lérllelos en voz alta ao resto da clase.
2. Realizarse unha posta en común para comentar estes aspectos, para falar doutros libros ou películas nas que se teñan atopado este tratamento das mulleres como conteiras ou cantadeiras das historias do pasado, gardiás de segredos ou intérpretes de enigmas. E tamén aqueloutros casos nos que aparecen como obreiras dun formigueiro ou colmea, silenciosamente, facendo posíbel a vida.
3. A continuación podemos pedirllas que trasvasen á realidade a simboloxía anterior e observen a súa vixencia.
4. Ilustrar os textos deste libro aos que nos temos referido ou pasalos a cómic.

## O ESCRITOR

Francisco Vázquez (Chantada, 1956) é profesor no Instituto de Muros. *Crónica de Ofiusa* é a súa primeira novela xuvenil, aínda que se estreou na literatura galega con *A chazca* (1982), un relato experimental hoxe ilocalizábel co que pretendeu render homenaxe ás vítimas da Guerra Civil.









## ÍNDICES:

Escritores/as galegos/as	83
Escritores/as traducidos/as	84
Ilustradores/as	85
Tradutores/as	86
Títulos galegos	87
Títulos traducidos	88
Coleccións	89
Editoriais	90
Xéneros	90
Idades	91



## ESCRITORES/AS GALEGOS/AS

Abeleira, Xoán	10, 12
Aleixandre, Marilar	14
Alfaya, An	16, 18
Babarro, Xoán	20
Carreiro, Pepe	22, 24, 26
Colectivo Montbel	30
Fernández Paz, Agustín	32
González Graña, Fernando	34
Kühn-Bode, Heidi	36
López, Laura	38
Loureiro, Ánxela	40
Lourenzo González, Manuel	42
Martínez Pereiro, Xosé Luís	46
Miranda, Xosé	52, 54
Neira Cruz, Xosé Antonio	56
Peón Torres, Fátima	58
Queizán, M <sup>a</sup> Xosé	60
Reigosa, Antonio	52, 54
Trigo Cotelo, M <sup>a</sup> Isabel	62
Varela Buxán, Manuel Daniel	70
Varela Ferreiro, Alberto	72
Vázquez Chantada, Francisco	76

## ESCRITORES/AS TRADUCIDOS/AS

Alçada, Isabel	44
Carvalho, Maria João	28
Magalhães, Ana Maria	44
Max	48
Meabe, Miren Agur	50
Sánchez Roldán, Margarita	64
Sotorra, Andreu	68
Vasconcelos, José Mauro de	74

## ILUSTRADORES/AS

Alonso Andújar, Fernando	74
Bello Alonso, Eva	30
Blanco, Laura	18
Carreiro, Pepe	22, 24, 26
Da Silva, Kiko	66
Eiroa Pazos, Santiago	40
Enríquez, Lázaro	14
Fernández Serrano, Jacobo	10, 12
Ferrín, Chus	16
Giralt, Núria	68
Max	48
Melgar, Hoa-binh	54
Mitxelena, Jokin	50
Nazareth, Carla	28
Pillado Vega, Ana	46
Picallo "O Carrapucho", Héctor	34
Prado, Miguelanxo	32
Rajal Fernández, Manuel	62
Río, Carmina del	38
Robledo, Miguel	66
Santorum, Marcela	52
Tomás, José	36
Varela Ferreiro, Alberto	72

## TRADUCTORES/AS

Carballo Soliño, Xesús	50
Cornes Ríos, M <sup>a</sup> Isabel	74
Fernández Salgado, Xosé Antonio	44
Franco, Anxo	64
García Silva, Iria	68
Penas Murias, Irene	28
Torres París, M <sup>a</sup> Dolores	48

## TÍTULOS GALEGOS

<i>Anamarciana, vacacións en Europa</i>	72	<i>Ota quere voar</i>	40
<i>Armiño dorme, O</i>	56	<i>Phisax : habitante de igualdade</i>	62
<i>Bolechas queren saber cómo é a policía local, Os</i>	24	<i>¿Pista ou peste?</i>	70
<i>Bolechas queren saber cómo é un parque de bombeiros, Os</i>	24	<i>Pol&amp;Cía : na cidade do revés</i>	66
<i>Bolechas rifan no cuarto de baño, Os</i>	22	<i>Primeiro amor en Ferrol</i>	26
<i>Bolechas van en caravana, Os</i>	22	<i>Segredo da Pedra Figueira, O</i>	60
<i>Buguina namorada</i>	16	<i>Serea da Illa Negra, A</i>	32
<i>Camposanto</i>	58	<i>Tarde no parque, Unha</i>	38
<i>Cero escuro, O</i>	18	<i>Teatro para contistas</i>	36
<i>Clave Rosa</i>	34	<i>Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán, A</i>	14
<i>Contos de parvos e pillos, I</i>	52		
<i>Contos de parvos e pillos, II</i>	54		
<i>Crónica de Ofiusa</i>	76		
<i>Día de caza, Un</i>	12		
<i>Eu voguei por Mar de Chocolate</i>	20		
<i>¡lmos ir á escola!</i>	30		
<i>Irmán do vento</i>	42		
<i>Moeda de Lugo, A</i>	26		
<i>Muller mariña, A</i>	46		
<i>Nacemento de Nunavut, O</i>	10		



## TÍTULOS TRADUCIDOS

<i>¡Cantos amigos!</i>	48
<i>Diario cruzado de Xoán e Xoana</i>	44
<i>Eu vivo en dúas casas</i>	50
<i>Festa da Neves, A</i>	64
<i>Korazón de pararraios</i>	68
<i>Miña planta de laranxa lima, A</i>	74
<i>Nosos dereitos, Os</i>	28
<i>¡Tódalas cores!</i>	48

## COLECCIÓN

Ala Delta			
Serie azul	32		
Serie verde	14		
Alfaguara-Obradoiro			
Xuvenil	44		
Aventuras de Nunavut, As	10, 12		
Bolechas, Os	22		
Bolechas queren saber, Os	24		
Bolechas van de viaxe, Os	26		
Cabalo buligán	52, 54		
Catavento	18		
Costa Oeste	56		
Doce x vintedous	76		
¿E que?	50		
Fóra de xogo	42, 60		
Golfiño	36		
Laura e compañía	38		
Letra dormente, A	16		
Merlín			
De 7 anos en diante	40, 72		
Montaña encantada			
Primeiros lectores	28		
A partir de 8 anos	20		
		Nova 33	68
		Pinguela, A.	
		Teatro para ler e representar	34, 70
		Relatos históricos	46
		Tren das cores	64
		Tucán	
		Serie verde	68

## EDITORIAIS

Baía	36, 38
Embora	64
Everest Galicia	20, 28
Fervenza	34, 70
Fundación Caixa Galicia	58
Galaxia	50, 56
Nosa Terra, A	22, 24, 26, 46
Obradoiro	44
Primerapersona	30, 74
Rodeira	68
Sotelo Blanco	76
Tambre	14, 18, 32
Xerais de Galicia	10, 12, 16, 40, 42, 48, 52, 54, 60, 72
Xunta de Galicia	62, 66

## XÉNEROS

NARRATIVA	10, 12, 14, 16, 18, 20, 22, 24, 26, 28, 30, 32, 40, 42, 44, 46, 48, 50, 52, 54, 56, 58, 60, 68, 72, 74, 76
POESÍA	38
TEATRO	34, 36, 64, 70
CÓMIC	62, 66

## IDADES

**Prelectorado (de 0 a 7 anos)**

**22, 24, 26, 28, 30, 38, 48**

**Lectorado autónomo (de 8 a 11 anos)**

**10, 12, 14, 20, 32, 36, 40, 50, 62, 66, 68, 72**

**Lectorado mozo (de 12 a 14 anos)**

**16, 34, 44, 52, 54, 58, 60, 64, 70, 74**

**Mocidade (a partir dos 14 anos)**

**18, 42, 46, 56, 76**



ISBN 84-453-3878-1



9 788445 338780

As lecturas que as nenas e os nenos realizan no seu tempo de lecer inflúen na asunción de comportamentos que desenvolverán ao longo das súas vidas. É necesario que os materiais que lles ofertemos presenten modelos de comportamento igualitarios que axuden a erradicar prexuízos aínda presentes na nosa sociedade e que teñen que ver coas funcións que realizamos uns e outras.

Esta guía preséntase como unha publicación periódica que lles ofrece a nais e pais, a profesorado e a persoas formadoras, en xeral, unha serie de obras coas que se pretende promover a igualdade entre os colectivos masculino e feminino, acompañada de suxestións que afondan nas súas temáticas.



XACOBEO 2004  
Galicia

